



# **HISTORIA E ACTUALIDADE DO CABAQUEIRO**

Grao en lingua e literatura galegas

Raquel Fernández Souto

Titor: Ramón Mariño Paz

Curso académico 2018 – 2019

**Facultade de filoloxía**

Santiago de Compostela 2019



# HISTORIA E ACTUALIDADE DO CABAQUEIRO

Grao en lingua e literatura galegas

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'R. Mariño', is written over a horizontal line.

Titor: Ramón Mariño Paz

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'R. Fernández Souto', is written over a horizontal line.

Raquel Fernández Souto

Curso académico 2018 – 2019

**Facultade de filoloxía**

Santiago de Compostela 2019

# ÍNDICE

<b>1. RESUMO</b> .....	5
<b>2. INTRODUCCIÓN</b> .....	7
<b>3. CONTEXTO ECONÓMICO E CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DO OFICIO</b> .....	7
<b>3.1 Contexto económico</b> .....	7
<b>3.2. A modernización das telleiras</b> .....	10
<b>3.3. A tempada de traballo: características xerais</b> .....	11
<b>3.4. Procedencia e destinos de traballo</b> .....	13
<b>4. FONTES PARA O ESTUDO DO CABAQUEIRO</b> .....	14
<b>4.1. Libros</b> .....	14
4.1.1. <i>Álvarez Álvarez, Domingo (1965): Jergas de Galicia. Pontevedra: Talleres Tipográficos E. Paredes Valdés</i> .....	15
4.1.2. <i>Trigo Díaz, Feliciano (2001): Zaqueando cos cabaqueiros. Pontevedra: Servicio de Publicacións Excma. Deputación de Pontevedra</i> .....	16
4.1.3. <i>González Martínez, Praxíteles (2002): Embajadores de los infiernos. Historia y Lenguaje de los Cabaqueiros. O Rosal: Gráficas Prelo</i> .....	16
<b>4.2. Follecas</b> .....	17
4.2.1. <i>Publicación das follecas</i> .....	18
4.2.2. <i>Autoría das follecas</i> .....	19
4.2.3. <i>Temática das follecas</i> .....	21
<b>4.3. Revistas relacionadas con festas ou romarías</b> .....	27
4.3.1. <i>Matínez Tamuxe (1988), etc.</i> .....	27
4.3.2. <i>Revista anual publicada con motivo das Festas do Monte de Santa Tegra</i> .....	29

<b>5. ANÁLISE LINGÜÍSTICA DO VERBO</b> .....	30
<b>5.1. A importancia do verbo</b> .....	30
<b>5.2. Formación de palabras</b> .....	31
5.2.1. <i>A derivación</i> .....	32
5.2.1.1. <i>A derivación externa</i> .....	32
5.2.1.2. <i>A derivación interna</i> .....	35
5.2.2. <i>A composición</i> .....	39
5.2.3. <i>Familias léxicas</i> .....	41
5.2.4. <i>Formación de palabras mediante procesos fonolóxicos</i> .....	41
<b>5.3. Similitudes gramaticais con outras xergas</b> .....	42
<b>5.4. Lexicoloxía e semántica</b> .....	48
5.4.1. <i>Problemas coas entradas lexicográficas nos glosarios do cabaqueiro</i> .....	48
5.4.2. <i>Voces galegas e voces portuguesas</i> .....	49
5.4.3. <i>Préstamos</i> .....	49
5.4.4. <i>Campos semánticos</i> .....	51
5.4.5. <i>Modificación semántica</i> .....	57
<b>6. ACTUALIDADE DO CABAQUEIRO</b> .....	58
<b>6.1 Metodoloxía</b> .....	59
<b>6.2 Datos das persoas participantes</b> .....	60
<b>6.3 Información</b> .....	60
<b>6.4 Resultados</b> .....	65
<b>7. CONCLUSIÓN</b> .....	66
<b>8. BIBLIOGRAFÍA</b> .....	67
<b>9. ANEXOS</b> .....	69

# 1. RESUMO



## Formulario de delimitación de título e resumo Traballo de Fin de Grao curso 2018/2019

APELIDOS E NOME:	RAQUEL FERNÁNDEZ SOUTO
GRAO EN:	LINGUA E LITERATURA GALEGAS
(NO CASO DE MODERNAS) MENCIÓN EN:	
TITOR/A:	RAMÓN MARIÑO PAZ
LIÑA TEMÁTICA ASIGNADA:	Variación, cambio lingüístico e estandarización.

SOLICITO a aprobación do seguinte título e resumo:

**Título:** Historia e actualidade do cabaqueiro.


**Resumo:**

O cabaqueiro é unha xerga creada e introducida na comarca do Baixo Miño polos telleiros, maioritariamente homes e algunhas mulleres, que emigraban da comarca para traballar na produción de tellas en Castela. Os telleiros criaron esta xerga con fin comercial por unha banda, e de de facer comunidade por outra. Esta fala, que naceu no lugar de traballo, foi trasladada até a nosa comarca, facendo que léxico cabaqueiro perdure na lingua galega falada nalgunhas parroquias do Baixo Miño a día de hoxe.

Para a realización do traballo contamos con artigos realizados polos propios telleiros durante décadas, moitos deles escritos en cabaqueiro e coa súa correspondente tradución, así como algún libro que narra experiencias propias. Esta xerga conta con estudos realizados, como unha recompilación do léxico dos cabaqueiros ou o estudo da formación da súa fala ou, como eles denominaban, *o verbo*.

Neste traballo búscase, por unha banda, mostrar a historia, orixe e características do cabaqueiro e, por outra, realizar un pequeno estudo sobre a influencia e coñecemento da xerga na actualidade. Pretendemos, por tanto, chegar coñecemento sobre unha variedade lingüística formada a partir do galego para a comunicación no interior dun grupo profesional: unha xerga.

SRA. DECANA DA FACULTADE DE FILOLOXÍA (Presidenta da Comisión de Títulos de Grao)



Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2019.

Sinatura do/a interesado/a	Visto e prace (sinatura do/a titor/a)	Aprobado pola Comisión de Títulos de Grao con data

SRA. DECANA DA FACULTADE DE FILOLOXÍA (Presidenta da Comisión de Títulos de Grao)

## 2. INTRODUCCIÓN

O *cabaqueiro* é unha xerga que está ligada ao oficio de telleiro e xurdiu neste contexto. A comarca do Baixo Miño foi aquela na cal se produciu unha maior migración cara as telleiras, sendo referente no sector. A xerga non se falaba unicamente no lugar de traballo, senón que era código habitual na vida cotiá das aldeas dos concellos do Rosal e da Guarda.

Na actualidade é doado escoitar expresións e termos en *cabaqueiro* na lingua empregada no día a día de persoas do Baixo Miño. A identidade *cabaqueira* impregnou a cultura e historia local, sendo un trazo definitorio da colectividade pertencente á comarca. Estudos, mostras e festas relacionados coa *cabaqueira* son unha parte máis das manifestacións culturais.

O presente traballo pretende mostrar por unha banda a historia dos *cabaqueiros* e o funcionamento lingüístico da xerga, e por outra, as pegadas que esta deixou no castelán e galego actuais. A análise aquí presentada consta de catro seccións. A primeira refírese ao contexto económico da época na que o oficio estaba en auge. A segunda refírese as diferentes fontes para o estudo da xerga. A terceira está composta pola análise lingüística da xerga. A cuarta refírese a actualidade do cabaqueiro.

Este estudo global da xerga pretende mostrar a realidade na que xurdiu, as súas características lingüísticas e de que maneira segue presente na actualidade.

## 3. CONTEXTO ECONÓMICO E CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DO OFICIO

### 3.1. Contexto económico

A industria da tella goza dunha maior importancia dende finais do século XIX até mediados do século XX, sendo este o momento no cal se produce un maior fluxo de traballadores.

O emprego da tella como material para a construción, concretamente como sistema de cubrición dos espazos domésticos galegos, ten séculos de historia. O autor Lois Ladra no artigo “As telleiras tradicionais. O exemplo aresán” (2006: 347) establece catro etapas relacionadas cos materiais empregados nos sistemas de cubrición dos espazos domésticos, ordenados por aparición e predominio de uso:

- (? - s. I a.n.e) Datable desde a aparición das cabanas prehistóricas até os tempos castrexos, pre-romanos. Nesta época o uso preferente era de materiais de orixe vexetal: xestas, piornos, colmo ou palla.
- (S. I – V d.n.e) Fase galaico-romana, na que o material imperante era a tella. En certas zonas na área oriental de Galicia dábase o uso da lousa, que se mantén até a actualidade.
- (S. VI – XX d.n.e) Etapa pre-moderna ou de economía pre-capitalista. Predominio da tella do país, elaborada artesanalmente nas telleiras tradicionais. Convivencia co uso da lousa.
- (S. XX – XXI d.n.e) Coexistencia de diversos materiais na que se produce a irrupción de elementos de fabricación mecanizada industrialmente en serie: tellas planas, tellas curvas, uralita, plástico, metais.

En Aballe Martínez (2013) inclúense as telleiras dentro do patrimonio industrial. Este patrimonio defínese polo seguinte:

O patrimonio industrial (...) abarca non só os elementos mobles ou inmobles, senón tamén que inclúe as vías de transporte, e comunicación a través das que chegaban as materias primas, as residencias, os centros, os paisaxes modificados (...) Falaríase de todos os vestixios identificados nunha época concreta. Estaríamos referíndonos as manifestacións comprendidas entre a metade do S. XVIII e o momento no que comeza a ser substituída total ou parcialmente por outros sistemas nos que intervén a automatización.

(Aballe Martínez 2013: 33).

Analizando os datos aportados polos autores conclúese que o uso da tella como material de uso doméstico abrangue diferentes épocas históricas, mais é a mediados do século XVIII cando se deron os primeiros vestixios da industrialización da súa produción.

Dende finais do século XIX até mediados do século XX a industria goza dunha maior importancia (Aballe Martínez 2013 :14). Coa introdución de novos materiais de fabricación mecanizada e a substitución das antigas telleiras por fábricas de cerámica no século XX desaparece este patrimonio industrial e con el o oficio artesán dos *cabaqueiros*.

No século XIX iníciase un período de modernización no cal Galicia queda á marxe. Ao contrario de outras rexións, o proceso de industrialización e modernización foi introducido a principios do século XX. Isto débese a diferentes factores.

A poboación de Galicia estaba asentada case na súa totalidade en territorio rural: en 1897 só un 3,48% da poboación vivía en núcleos de máis de 10.000 habitantes, en 1920 este porcentaxe era do 11%. (García Lombardero 1984: 322).

A base da economía galega era o sector agrario. Este sector tamén sufriu a tardía modernización e industrialización en Galicia. A inicios do século XIX produciuse un cambio económico e de propiedade no sector. O goberno liberal levou a cabo un plan de desamortización: a posesión das propiedades que se xestionaba mediante foros pasou a ser de carácter privado. Esta mudanza favoreceu a conversión da terra nunha mercancia máis. En Galicia seguiu perdurando o modelo económico do antigo réxime: os foros, que desapareceron na primeira metade do século XX, paralizando os procesos de modernización.

Este tipo de actividades tiña como fin principal o autoconsumo. A falta de comercialización dos produtos do campo daba lugar a unha situación de economía fechada e orientada cara o mercado feiral. O feito de que os núcleos familiares non puidesen subsistir unicamente deste sector facía que en ocasións estas actividades fosen acompañadas doutras ocupacións denominadas de auxilio: actividades que se usaban co fin de obter novos ingresos. Esta nomenclatura aparece acuñada en Alonso Álvarez (2010: 5). Entre estas actividades de auxilio inclúense o salgado do peixe, as ferrerías e curtidoiros e a emigración estacional.

A gandería tamén supuxo unha actividade clave para a economía galega da época: a finais do século XIX iníciase un importante proceso de intercambio comercial de reses con Portugal e Inglaterra. O aumento deste comercio no século XX levou á transformación do modelo tradicional de cultivos, que pasou dun modelo de autoconsumo onde predominaba o cultivo do millo, a pataca ou o trigo ao cultivo de forraxe para o gando. Isto derivou nun proceso de especialización e mellora do sector agrario (García Lombardero 1984: 326).

Outro sector de importancia nas zonas costeiras da comunidade era o pesqueiro. Este foi o que primeiro se inseriu nos procesos de industrialización: transformación e conservación de produtos

derivados da pesca. A riqueza do mar galego, xunto coa necesidade de crear un sector competitivo con outros mercados, favoreceu esta modernización.

O atraso da economía galega e o aumento da poboación a inicios do século XIX supuxo un notable aumento da emigración, na súa meirande parte cara o continente americano. Entre 1885 e 1930 máis de 900.000 galegos emigraron a América. Un 70% dos emigrantes eran homes de entre 18 e 20 anos e procedentes do rural. A emigración tamén afectou a economía galega, desprovéndoa de man de obra de calidade e despoboando os núcleos rurais ( Alonso Álvarez 2010 : 136 - 137).

### **3.2. A modernización das telleiras**

A modernización e mecanización das fábricas españolas comezou na primeira metade do século XX, mentres que en Galicia se produciu na segunda metade do século XX.

No estudo *Telleiras de Pontevedra, patrimonio vernáculo industrial en Galicia* a autora Carlota Aballe Martínez realiza unha panorámica histórica sobre a influencia da modernización industrial nas telleiras. Nesta fonte explícase en que consistía o proceso de mecanización:

Cando se fala de mecanización trátase de sinxelas máquinas que suplían parte do traballo das telleiras en tarefas como o amasado do barro ou o moldeo de diferentes pezas. Falábase, entón, de unha incipiente mecanización, que axudará a acurtar o tempo que os telleiros dedicaban ás tarefas. (...) Aínda que estas primeiras máquinas funcionaban a vapor, poucas eran as fábricas galegas que contaban con este tipo de enerxía nos inicios do século XX.

(Aballe Martínez 2013: 74).

En Galicia na primeira metade do século XX contábase con poucas fábricas de tellas e ladrillos que iniciaran a súa mecanización nalgún dos seus procesos produtivos. En todo o territorio un total de 118 telleiras seguían sendo rexentadas por labregos e o traballo era totalmente manual. No inicio do século XX o oficio de telleiro seguía sendo en Galicia un oficio rural, tradicional e artesanal.

A modernización prolongouse en España até o 1960 debido a diferentes factores: a crise da peseta, a guerra civil e o posterior período de autarquía. Na década de 1960 obsérvase un impulso na modernización das fábricas debido á ruptura do modelo autárquico. O desenvolvemento económico

tamén tivo consecuencias en Galicia, onde en 1960 convivían as fábricas xa mecanizadas con telleiras que seguían mantendo un oficio artesanal.

Entre 1970 e 1980 o feito de que as fábricas artesanais non puidesen competir coas fábricas xa mecanizadas derivou na desaparición das telleiras. Algunhas delas substituíronse por fábricas de cerámica, e moitas outras desapareceron.

### **3.3. A tempada de traballo: características xerais**

En Ladra (2016: 363) dise que o traballo nas telleiras era marcadamente artesanal (sen mecanización ningunha) e estacional (de funcionamento estival, entre os meses de xuño e setembro). O feito de que fose estacional facía que a maior parte da poboación masculina do Rosal e da Guarda emigrase.

En Trigo Díaz (2001: 45) faise unha recollida de citas de artigos publicados no xornal *Voz del Tecla* sobre a marcha dos telleiros, como son as seguintes:

Golondrinas. A grandes bandadas levantan el vuelo estos días las veraneantes golondrinas que a las tejeras van a ganar unas cuantas pesetas amasadas en barro y en amargos sudores...

*Voz del Tecla*, 3 de mayo de 1910

O Rosal: Golondrinas que se van... El desfile de operarios y fabricantes de dicho material (teja) de construcción ha sido inmenso, calculándose que del Rosal han salido el setenta por ciento de hombres hábiles para el trabajo.

*Voz del Tecla*, 30 de abril de 1911

Rosal: Marcha de tejeros. Estos días sale rumbo a Castilla y otros pueblos de nuestra región el numeroso contingente de trabajadores de los tejares...

*Voz del Tecla*, 3 de mayo de 1930

Nestes textos obsérvase como o inicio da telleira implicaba a marcha dunha gran parte da poboación. Este feito facía que o papel das mulleres fose esencial para seguir mantendo a economía dos fogares.

A fonte que mellor plasma a realidade dentro da telleira é *Embajadores de los infiernos* (2002), do telleiro Praxíteles González Martínez. Este libro narra de forma biográfica a súa primeira viaxe á telleira.

Antes da tempada, os *buxas*, propietarios ou arrendatarios de telleiras en Galicia e Castela, acudían ás feiras das vilas do Baixo Miño para contratar os traballadores. Algúns rapaces eran ofrecidos pola familia para acudiren á telleira. En ocasións sen remuneración económica xa que así aprendían o oficio e podían volver ao ano seguinte.

Inicia a tempada e con ela a longa viaxe cara os destinos de traballo. As brigadas de *cabaqueiros* estaban compostas por homes de diferentes idades e cada un deles tiña unha función propia. O *buxa* era o xefe, o cal tiña a telleira en propiedade ou arrendada. O *oficial* encargábase de asesorar o *buxa* e do funcionamento da telleira. O *tendedor* encargábase de “tender a tella”; moldear o barro e colocalo de maneira que non quebrase. O *carretilleiro* tiña como labor transportar a tella. O *Pieiro* encargábase de manter o forno aceso e en boas condicións e de cocer a tella. Por último estaba o *cachiza*, o máis novo do grupo, encargado de diversas labores como transportar auga, servir a comida etc. Este tamén exercía como aprendiz.

As telleiras estaban situadas fóra dos núcleos de poboación, colocadas estratexicamente cerca da veta de barro co cal se fabricaba a tella. A edificación e o terreo estaban compostos por diferentes partes, cada unha delas destinadas a unha actividade concreta: a *llana*, eira, onde se colocaban a secar as tellas e ladrillos; a *plaza*, onde se almacenaba o barro; a *pía*, unha fosa onde se limpaba o barro para evitar que este tivese impurezas; e o *boleiras*, o forno, semellante a un pozo. Por último estaba o *cardeño*, a edificación destinada para a vivenda dos traballadores.

En González Martínez (2002) dise que, por norma xeral, a *cabaqueira* estaba situada lonxe das aldeas. O asentamento nas mesmas era de carácter estacional. Os *cabaqueiros* unicamente facían comunidade dentro da propia telleira. Eran poucas as visitas que facían ás vilas.

A afirmación de que os *cabaqueiros* non facían vida en sociedade nos puntos de traballo aos que acudían dáse en numerosas *follecas*, artigos e libros escritos por eles mesmos. Este trazo trasládase até a actualidade como algo intrínseco á súa identidade. Aínda que hai textos que indican que en ocasións os telleiros si socializaban nos diferentes lugares, inclusive asentándose permanentemente (Ladra 2007: 23).

O día a día nas *cabaqueiras* era duro. Os telleiros erguíanse coa primeira raiola da madrugada e remataban o traballo ao solpor. En González Martínez (2002) tamén se fala da escaseza da comida. O autor conta que extinta a comida que os traballadores levaban da aldea, a escaseza de materia prima era algo común. Desta temática tamén se fala nalgunhas *follecas*, cartas, criticando o *buxa* e a falta de alimento (Trigo Díaz 2001: 114 – 115). A austeridade e o traballo era o pan de cada día na telleira.

O tempo atmosférico determinaba a realización do traballo, sendo máis duro nos días calorosos posto que o barro secaba máis rápido. Se chovía en gran cantidade era preciso paralizar o traballo. Analizando o seguinte suceso narrado en *Embajadores de los Infiernos* observase a importancia desta cuestión:

Nos cuenta la leyenda que un año en Castilla era tal la sequía que los paisanos optaron por sacar al santo de la iglesia “caicoa” para pedir a Dios “calcoiño” que lloviera “boretarea”. En vista de tal contrariedad, el popular “buxa” conocido por Tío Trigo, se sumó a la rogativa con el fin de pedir a Dios todo lo contrario. Ya en la procesión los paisanos rogaban al señor cantando “Te rogamos, óyenos”, y Tío Trigo les seguía diciendo -“ Sol y moscas, agua no!”.

(González Martínez 2002: 95)

Pasando os meses máis calorosos achegábase o fin da campaña, sendo o final da mesma cando máis traballo se facía, posto que os *cabaqueiros* tiñan *micas*, morriña, da súa terra e apuraban o traballo para volveren á casa. As festas patronais, a recolleita da uva ou os casamentos prometidos antes da tempada estaban agardando por eles. Mais non todos volvían: algúns buscaban traballo como albaneis ou xornaleiros nas vilas nas que estaban ou nalgunha que quedase de camiño para así volveren á casa con maior beneficio económico.

### **3.4. Procedencia e destinos de traballo**

A *cabaqueira* era unha gran industria, situada en diversos sitios no norte e centro da Península Ibérica. As fontes consultadas non nomean a existencia da industria en Portugal, mais isto pode deberse a que a emigración dos *cabaqueiros* do Baixo Miño unicamente se deu en territorio do Estado español.

En González Martínez (2002: 113 – 121) cóntase cunha lista dos destinos de traballo aos que acudían os *cabaqueiros*. Había puntos de traballo nas catro provincias galegas: A Coruña, cunha maior presenza nas comarcas de Santiago, A Coruña e Ferrol; Lugo, cunha maior presenza nas comarcas de Chantada, Ribeira Sacra e Quiroga; Ourense, cunha maior presenza nas comarcas de Verín, A Limia e A Baixa Limia; e Pontevedra, cunha maior presenza nas comarcas do Baixo Miño, Condado e Paradanta. O feito que no Baixo Miño existisen telleiras nas parroquias de Goián e Taborada, no concello de Tomiño, na parroquia do Rosal, concello do Rosal, e nas parroquias da Gándara e Salcidos, no concello da Guarda, facía que algúns dos coñecedores deste oficio non tivesen que desprazarse.

Fóra de Galicia os telleiros do Baixo Miño emigraron ás provincias de León, Zamora, Salamanca, Valladolid, Palencia, Burgos, Segovia, Soria, Ávila, Madrid, Guadalajara, Cáceres, Toledo, Oviedo e Zaragoza.

En canto a súa procedencia cabe dicir que o oficio de telleiro non era exclusivo da comarca do Baixo Miño, mais si foi esta a zona onde máis telleiros emigraron sendo a referencia do sector. Danse casos en que o propietario da telleira, *buxa*, é denominado *cata* “foráneo”, o que nos indica que había propietarios que non eran do Baixo Miño mais que contrataban traballadores da comarca.

As parroquias nas que había un maior número de telleiros eran as do concello do Rosal: As Eiras, O Rosal, San Miguel de Tabagón e San Xoán de Tabagón e as parroquias da Gándara e Salcidos do concello da Guarda. Tamén se coñecen telleiros dos concellos de Tomiño e Oia, pero o seu número é moito menor.

#### **4. FONTES PARA O ESTUDO DO CABAQUEIRO**

Para realizar este traballo botouse man de diferentes fontes, cada unha delas coas súas características e soportes propios. A meirande parte das fontes consultadas e analizadas son da autoría de persoas que traballaron como cabaqueiros, indicando así a marcada e sólida identidade desta comunidade e o seu propósito de preservar este legado. Clasificamos as diferentes fontes por tipo de soporte e por orde cronolóxica.

##### **4.1. Libros**

4.1.1. *Álvarez Álvarez, Domingo (1965): Jergas de Galicia. Pontevedra: Talleres Tipográficos E. Paredes Valdés.*

Este libro é o primeiro que consta da realización dun estudo sobre o *cabaqueiro*. Aquí inclúese un estudo de catro xergas: *cabaqueiros*, *arginas*, *chafoutas* e *paragüeiros*. Recolle *follecas* e poemas en *cabaqueiro* de autoría propia. As *follecas* son unha serie de publicacións nos xornais ou revistas das festas patronais, feitas por telleiros e con características propias. Este tipo de publicacións serán tratadas con maior profundidade ao longo deste capítulo. Tamén conta cun breve glosario a modo de diccionario do léxico de cada unha das xergas, así como un capítulo adicado a diferentes anécdotas sobre o uso do *cabaqueiro* fóra das nosas fronteiras.

O autor do libro, cuxa data de nacemento non foi atopada, faleceu no ano 1967. Natural do concello do Rosal, foi telleiro en Galicia e noutros países. Comezou en Betanzos, Santiago e posteriormente traballou no Brasil. Muda o seu emprego para o de comerciante en terras americanas onde comeza a interesarse polo estudo de diferentes linguas: latín e portugués. En Brasil publica en diferentes revistas como son *O Estado de São Paulo*, *O correo de Ibaté* ou *O diario do rio claro*.

Unha vez de volta en Galicia acadou os estudos de Secretario Xudicial e foi nomeado secretario de diferentes concellos de Galicia, así como suplente en diferentes postos ligados coa xustiza. Tamén colaborou con xornais de tiraxe estatal como *El día* e de tiraxe local como *La Integridad* de Tui ou *Heraldo Guardes* e *Nuevo Heraldo*, ambos da Guarda (Álvarez Álvarez 1965: 8-9). Domingo Álvarez é autor de numerosas *follecas* que aparecen no xornal anteriormente citado, así como no xornal *Vida Gallega* de Vigo, cuestión que ampliaremos ao longo deste capítulo. En Trigo Díaz (2001: 19) faise alusión a que o autor en moitas ocasións aparecía baixo o pseudónimo “Xan d’Outeiro”.

A meirande parte das publicacións con este pseudónimo teñen como título *follecas da jalleira*, “cartas de la aldea”. Domingo Álvarez facíalles chegar aos telleiros información sobre a súa aldea, as festas patronais ou a realidade cotiá. Tamén era canle de comunicación entre os telleiros e a xente da vila e aldeas, escribíndolle estes *follecas* que o autor corruxía e publicaba.

Na obra do autor vese reflectida a súa realidade: persoa con poder e status, e con coñecementos ligados á elite intelectual da época, cunha forte identidade telleira marcada pola súa experiencia na *cabaqueira*.

4.1.2 *Trigo Díaz, Feliciano (2001): Zaqueando cos cabaqueiros. Pontevedra: Servicio de Publicacións Excma. Deputación de Pontevedra.*

O tema principal deste volume é o estudo das *follecas*. Trátase da fonte máis completa para o estudo deste tema xa que o autor fillo unha recollida e posterior recompilación de *follecas*. O libro tamén inclúe un estudo sobre as mesmas e sobre o verbo.

O libro centráse no oficio dos *cabaqueiros* adicando un capítulo á historia da tella: en que consiste o traballo ou as ferramentas utilizadas.

Por último, e ao igual que outros volumes, inclúe un glosario que a modo de dicionario mostra o léxico empregado polos telleiros. Este glosario é maior e inclúe máis entradas léxicas que os outros libros consultados.

O autor (1923-2016) foi sacerdote de profesión, cuestión que o ligou á comarca do Baixo Miño, posto que realizou os seus estudos no Seminario principal de Tui e estivo exercendo na parroquia de San Lourenzo de Salcidos (A Guarda). Participante activo da cultura e tradición do Baixo Miño, colaborou en numerosas ocasións na Festa do Cabaqueiro do concello do Rosal.

Realizou colaboracións en xornais de tiraxe local como a *Peneira*, onde, no primeiro número e baixo o título de “Los tejeros de Pontevedra” traza o programa de estudo dos *cabaqueiros* no Baixo Miño creando a sección “Salvemos nuestra cultura. Los tejeros (I-X)”. Levou tamén a este xornal outra sección: “Polos camiños de Galicia”, como se recolle en Martínez Tamuxe (2016).

Destaca o seu interese pola xerga, dado que publicou outros estudos e volumes sobre a temática: *Remexendo nas cinzas dunha xerga gremial: o verbo dos telleiros (1995)* ou *O verbo dos arginas de Avedra, Xerga Gremil dos Canteiros de Pontevedra (1993)*.

4.1.3 *González Martínez, Praxiteles (2002): Embajadores de los infiernos. Historia y Lenguaje de los Cabaqueiros. O Rosal: Gráficas Prelo.*

O eixo principal do libro é a narración en primeira persoa e de carácter biográfico da primeira viaxe do autor ás telleiras. Aquí nárranos o inicio da viaxe, numerosas anécdotas da vida cotiá dentro da *cabaqueira*, o funcionamento do traballo, as xerarquías entre traballadores, a dureza e soidade etc. Ao contrario das obras citadas anteriormente, o libro está impregnado de emoción e sentimentalismo, centrándose de maneira superficial no estudo da lingua e facéndoo coa intención de deixar un legado sobre unha viaxe compartida por moitos *cabaqueiros* da comarca. Esta obra axúdanos a contextualizar o nacemento e o uso da xerga. Ao igual que as anteriores, o autor inclúe un pequeno glosario adicado ao léxico do *cabaqueiro*.

O autor, natural do Rosal, non só centra a súa obra no estudo dos cabaqueiros, senón que publicou outros traballos sobre a historia e a antropoloxía do Baixo Miño: *Riberas del Baixo Minho. Sus gentes, usos y costumbres* (1997), *A terra das nosas raíces: topónimos e motes do Rosal e a Guarda* (2000) e *Yo también fui contrabandista en el estuario del Miño* (2013). Na última obra citada tamén fala con carácter autobiográfico da súa experiencia como contrabandista durante a ditadura franquista (Torres 2013).

#### 4.2. Follecas

Para o estudo das *follecas* basearémonos principalmente no estudo feito en Trigo Díaz (2001) xa que nel aparecen a meirande parte das *follecas* atopadas de maneira individual na investigación realizada. O autor exerce como tradutor das mesmas facilitando a súa comprensión.

*Folleca* significa carta en *cabaqueiro*. Inicialmente era como se denominaban as cartas enviadas desde a telleira á familia ou ás amizades dos traballadores. Posteriormente fóronse publicando *follecas* tanto en xornais locais como nos programas das festas patronais dos concellos do Rosal e da Guarda. Estas publicacións estaban escritas tanto desde as telleiras coma fóra delas por coñecedores do verbo con vontade de divulgalo e crear unha canle de comunicación entre a telleira e a vila.

A primeira *folleca* publicada data do 1909, está asinada por Domingo Álvarez Álvarez (Álvarez Álvarez 1965: 1) e publicouse no xornal *Heraldo Guardés*. Hai constancia da existencia da mesma mais non foi atopado o número do xornal onde se publicou. A primeira *folleca* que foi atopada para a súa análise data do 29 de xullo do 1911. Estas publicacións foron sucedéndose desde o ano 1909

até o ano 1936. Tras o estoupido da Guerra Civil o xornal onde se publicaban, *Nuevo Heraldo*, foi fechado cuestión que será abordada ao longo deste capítulo.

As publicacións foron retomadas no ano 1957, tamén da man de Domingo Álvarez Álvarez (Trigo Díaz 2001: 23-25). En Trigo Díaz (2001 219:220) faise referencia a que a última *folleca* publicada data do 1981, mais na revista das festas patronais *Festas do Monte de Santa Tegra 1997* publícase unha *folleca*, asinada por Feliciano O.

Para comezar esta análise é propio falar da importancia que as *follecas* tiñan antes da súa publicación: eran a única forma de comunicación entre a telleira e a casa, aldea e familia. O feito de que moitos telleiros non soubesen escribir facía que os que si estaban alfabetizados actuaran como escribas:

Transcurrida casi una hora, XANDOCAS seguía llenando de borrones aquel papel, y en un arrebatado de impotente rabia, arrojó la pluma al suelo como si de esta fuese la culpa, diciendo -“esta pluma non serve para nada”, y dirixiéndose a mí me dice -”deixame a túa, rapaz, a ver se escribe mellor (...) -“quere que lla escriba eu, tío José”(...) Así fúe como me convertí en el escribano del tejar.”

(González Martínez 2002: 55-56)

#### 4.2.1. *Publicación das follecas*

Cómpre analizar os soportes nos cales se publicaban as *follecas*: xornais locais con ideoloxía republicana e de esquerdas e programas das festas patronais. Medios populares que chegaban á meirande parte da xente da vila da Guarda e arredores. Os xornais nos cales se publicaron as *follecas* foron *Heraldo Guardés*, *Nuevo Heraldo* e *Vida Gallega*.

A revista *Vida Gallega* era de temática literaria e artística, fundada no ano 1909, publicouse até o 1938. Anos máis tarde volveu a imprimirse (Rodrigues Gomes 2004: 98).

O xornal *Heraldo Guardés* nace a inicios do século XX. Era de tendencia liberal, agrarista e anticaciquil. Puido sobrevivir á persecución por parte do poder do estado grazas á colaboración dos subscritores emigrados que sufragaban os custos das sancións. Coa morte do seu fundador, José Darse, o xornal pasa a mans da súa muller, quen deixa que as forzas de dereitas tomen a súa dirección. Manuel Álvarez e Juan Noya, de ideas republicanas e representantes da esquerda

guardesa do momento, tentan mantelo na liña inicial. Vendo a imposibilidade de acadar este obxectivo, deciden crear outro xornal, nacente así *Nuevo Herald*, o 30 de xuño de 1934 (Noya Gil 1976: 30, 179).

Nuestra posición política es francamente republicana, absolutamente liberal, sin reservas de ninguna clase, y figuraremos en la vanguardia de quienes caminen a la consecución de un estado social en que prevalezca la equidad sobre la codicia.

(Noya Gil 1976: 180)

Este xornal contaba con correspondentes de prensa en Nova York, Porto Rico, Santo Domingo, Cuba, Brasil, Uruguai, Lisboa, Bos Aires e provincias españolas. As *follecas* tamén chegaban dende o estranxeiro. Domingo Álvarez publica as súas primeiras *follecas* desde Brasil.

O último número do xornal data do 18 de xullo do 1936, sendo paralizada a súa publicación tras o estoupido da sublevación falanxista. Moitos dos xornais foron confiscados e os seus dirixentes e colaboradores perseguidos (Noya Gil 1976: 242). Este foi o motivo polo cal a publicación das *follecas* se viu paralizada desde o ano 1936 ao ano 1957, comezando a publicar en diferentes programas das festas patronais.

A escolla deste xornal non foi casual. *Nuevo Herald* estaba dirixido á clase popular e traballadora, comunidade da que formaban parte os homes que traballaban a tella.

#### 4.2.2. Autoría das *follecas*

Para comezar a análise da autoría das *follecas* cómpre dicir que algunhas xorden de maneira individual, mais que a meirande parte delas non xorden deste xeito. Nacen como resposta a outras anteriores. En ocasións establecéndose unha relación epistolar entre autores e noutras como resposta á difamacións e críticas.

A primeira *folleca* analizada en Trigo Díaz (2001) data do 25 de xullo do 1911 e está asinada baixo o pseudónimo *cabaqueiro*. A escolla de pseudónimos relacionados coa nomenclatura de categorías laborais dentro da tella non se dá unicamente neste caso, senón que observamos outras *follecas* asinadas cos pseudónimos *argina*, “xefe”, e *cachiza*, “aprendiz”. Tamén hai dúas *follecas* asinadas cos pseudónimos “*Pifre da Lacén*”, “*Rapaz da fame*”, e “*Joucho de cico*”, “*Brazo do porco*”. Estas

últimas están escritas de maneira irónica e en clave de humor, cuestión que se reflicte nos pseudónimos escollidos. O uso destes pseudónimos vén dado polo seguinte:

Parece como si entre ellos existiese la consigna de no declarar su identidad que , por lo demás, escondían con pseudónimos hechos con palabras demasiado generalizadas para mejor diluirse, así, en el anonimato.

(Trigo Díaz 2001: 35)

As *follecas* asinadas con estes pseudónimos teñen como temática común a vida na tellera. En ocasións falando da precariedade do traballo, ou difamando os xefes. A *folleca* que se mostra a continuación é un exemplo de resposta a outra *folleca*, a cal non foi atopada. Aquí plásmase o enfado cara as críticas e difamacións recibidas:

### FOLLECA 6ª

*Heraldo Guardés. 26 de noviembre de 1927*

*Follatas da jalleira*

Cartas de la Aldea

*Daordes d-a jalleira: Vejío coas  
cocelfras e cos pifres.*

Amigos de la aldea: Mucho cuidado  
con las pulgas y con los niños.

*O meu cachiza esjarrancheou  
unhas follatas d-o sucá y-  
a pouco esnorzoyo; (...)*

Mi aprendiz escribió  
unas cartas sobre  
la vida de acá y a poco lo deshago (...)

*Jaldruoume que non esjaravellara,  
que o esjaravellamento, xido ou pirrio,  
pariñaría d-algún ferrete d-o sulá  
que o ajuzaba danoca  
e que esfollatear jicheria (...)*

Me dijo que no había escrito,  
que lo que escribiera, bueno o malo,  
sería de alguien de allá  
que no le quería bien  
y me escribió para que yo le pegase (...)

*Y-ajucei como esjarrabanchearon  
que m'ajuzaron a murcir y-a borear  
cunha calloa xidota...!  
S-ajuzo no sucá o pifre,  
estouciñoio, que a miña argina a de maxinar  
que murzo e lareo  
co-as calloas d-o sucá,  
e moureo como un fusco! (...)*

Y me fijé que escribieron  
que me había visto comer y beber  
con una mujer estupenda...!  
Si veo por acá al muchacho,  
lo deshago, que mi mujer va a creer  
que como y bebo con  
las muchachas de por acá  
y trabajo como un negro! (...)

(Trigo Díaz 2001: 107)

O autor que publicou un maior número de *follecas* é Domingo Álvarez Álvarez, que se agocha baixo os pseudónimos Xan d'Outeiro, Farruco d'Outeiro ou Farruco da Xunqueira. O primeiro era utilizado cando era o propio autor quen escribía, e os dous segundos cando era o encargado de corrixir e publicar cartas que lle chegaban desde a telleira.

En Trigo Díaz (2001: 38) fálase del como *buxa das follecas*, “xefe das *follecas*”. Recóllense un total de 39 *follecas* asinadas por el e con diversas temáticas: o verbo, a vida na aldea, as festas patronais e diversas bromas, entre outras.

Cómpre destacar a existencia dunha *folleca* de autoría feminina, sendo esta a única escrita por unha muller: Rosiña. A *folleca* leva como título *Follaca da Nenza*, “Carta de la novia” (Trigo Díaz 2001: 213). Trátase dunha carta de amor que lle manda unha moza ao seu namorado, que está traballando na telleira. Nela mostra a morriña e a tristeza producidas pola ausencia do namorado e a alegría de recibir novas del a través dunha carta, feito que unha vez máis indica a importancia das *follecas* para a comunidade. A cuestión de que unha persoa que non ten relación directa coa *cabaqueira* escriba en *cabaqueiro* indica que o verbo traspasaba os muros da telleira, pois era unha fala coñecida pola xente da comarca.

Outros autores de *follecas* foron Juan Avelino Otero, Feliciano González Otero e o propio autor do estudo, Feliciano Trigo Díaz.

#### 4.2.3. Temática das *follecas*

Para a análise temática das *follecas* realizouse unha lista cos temas principais que tratan. As *follecas* posúen características comúns, cuestión que fai que sexa analizadas de maneira global, creando diferentes grupos.

- Canocas en daorde

Baixo este nome agrúpanse unha serie de *follecas* que narran anécdotas ficticias, contadas en ton humorístico. Todas elas están asinadas por Xan d'Outeiro, e publicadas no xornal *Heraldo Guardés*. Estas *follecas* narran sucesos imaxinarios onde existe un conflito, e da súa resolución tírase unha aprendizaxe.

Estas cartas utilízanse como burla cara certos colectivos aos que os *cabaqueiros* non lles tiñan grande estima, como son os cregos, os taberneiros ou os habitantes de Castela. Unha característica común en todas elas é a aparición do diñeiro ou da comida como obxecto de conflito.

A primeira *canoça* data do 5 de maio do 1911 (Trigo Díaz 2001: 99) e conta unha historia onde un albanel matou a un aldeán, motivo polo cal foi xulgado. No xuízo un veciño díxolle ao xuíz que non acusara de pena de morte o albanel, posto que só había un na vila. Era máis correcto matar un taberneiro, xa que lle botan auga ó viño e rouban os cartos dos traballadores. Aquí vemos como o motivo do conflito é o diñeiro.

Noutra destas *canocas* (Trigo Díaz 2001: 130) dise ironicamente que na telleira hai moita fartura, os telleiros van á taberna e comen ben e o amo pagou o xornal. Esta carta ten como función mostrar a dureza coa que se vivía na *cabaqueira* con ton humorístico, onde a comida é o tema central.

A *canoça* que mellor mostra o pensamento do cabaqueiro é a que data do 23 de maio do 1931 (Trigo Díaz 2001: 125 - 128). Esta carta conta un suceso no cal os habitantes dunha vila de Castela non compartían a súa comida cun foráneo. Co tempo ese *cabaqueiro* fíxose rico, criou un porco e foi casa por casa mostrando o seu manxar, lembrándolles aos casteláns que non foran solidarios con el e dándolle cun pau:

*Ajochou un chamizo cos llotos e llotas,  
burel, sirja e as do caco,  
e zancaneou pol-as cibas  
d-os cazóns.*

*A portemes de cada ciba, jaldruaba:  
- ¿Azoutaron-lle nesta ciba cico ó cabaqueiro?*

*E jaldruaban: -¡Nexo!, ¡Nexo!*

Cogió un palo con chorizos y morcillas,  
tocino, carne y las orejas  
y se puso a andar entre las casas  
de los vecinos.

A la puerta de cada casa preguntaba:  
- ¿Le dieron en esta casa cerdo al tejero?

Y contestaban: -¡no!, ¡no!

-¡Xido!, ¡ó sudiante co chamiceiro!

-¡Muy bien! ¡Adelante con el palo!

(...)

(...)

*Xan d'Outeiro*

Xan d'Outeiro

Nesta *canoaca* móstrase o rexeitamento que por norma xeral tiñan os *cabaqueiros* de establecerse e facer comunidade nos sitios onde ían traballar. Non lles tiñan estima aos habitantes destes lugares aos que eles denominaban *cata*, “foráneo”. Aquí móstrase a vontade de resaltar a figura do cabaqueiro e a vinganza polo trato recibido.

- Exaltación do verbo

Atopáronse *follecas* onde os *cabaqueiros* falan do verbo exaltándoo. O verbo é unha mostra de identidade propia, e nestas *follecas* vese como os *cabaqueiros* así o sentían. Contamos cunha *folleca* que data do 14 de maio do 1927 (Trigo Díaz 2001: 104) na cal Xan d'Outeiro se dirixe a Darse, director do xornal *Heraldo Guardés*, respondéndolle a unha carta. Na anterior carta Darse indícalle ao autor a solicitude por parte de xente que foi a *telleira* de crear unha sección no xornal escrita no verbo.

Outra *folleca* que fala desta temática é a que data do 29 de novembro de 1930, publicada no xornal *Heraldo Guardés* (Trigo Díaz 2001: 122). Nela Xan d'Outeiro anima a escribir e falar no verbo, e fai alusión a que os que non foron telleiros non o falen. Os que non son coñecedores do verbo, non son dignos del posto que non traballaron duro como os *cabaqueiros* e comen e beben a fartar na aldea.

- Vida na telleira.

As *follecas* que falan da vida na telleira fano desde diversas perspectivas, tendo a fame e a cantidade de traballo como eixo central. En ocasións criticaban o *buxa*, “xefe”, colocándoo como culpable das condicións nas que se atopaban, acusándoo de gastador e explotador. A *folleca* que data do 31 de maio de 1930, asinada por Farruco d'Outeiro e publicada no *Heraldo Guardés*, é a que mellor mostra as condicións en que se vivía e a fame que alí se pasaba:

*Daordes e daordiñas: ¡Que me esnorcen  
s-ajuzo co-a lacén! Dende que as aslistín  
da Jalleira non murzo, nin chumo, nin coco.*

*A lacén, que más que lacén é jarulla  
tisqueira, ou de tiscos xa me trai os brajestos pol-o  
terris...! Xa non canaleo. ¿Que hei de canlear?  
Como non murzo e lasqueo, nin chumo bureta...*

(...)

*¡O meu argina esnorzámolo este mancón!*

*Pra el a mouja. Pra nos bureta. El murce, chuma e  
coca. Nos, lacén, bureta, xunca, deboleira e  
chamiceiros. ¡Os chamizos xa jaldrúan c-os  
daordes!*

(...)

*Farruco d'Outeiro  
Cabaqueira, 24 -V- 1930.*

Amigos y amigas: Que me maten  
si veo con el hambre. Desde que marché  
de la aldea, no como, ni bebo, ni duermo.

El hambre, que más que hambre es hambre canina,  
o de perros ya me trae los pantalones por los  
suelos...! Ni siquiera orino ¿que é de orinar? No  
como, pero trabajo y ni siquiera bebo agua.

(...)

¡A mi amo lo matamos este verano!

Para él el vino, para nosotros el agua. Él come,  
bebe y duerme. Nosotros hambre, agua, barro,  
horno y leña. ¡Hasta los palos  
hablan ya con los compañeros!

(...)

Farruco d'Outeiro  
Cabaqueira, 24 -V- 1930.

(Trigo Díaz 2001: 114 - 115)

Dentro desta temática atopamos unha *folleca* que é a única das analizadas que, estando asinada por un *cabaqueiro*, fala ben da figura do *buxa*. Esta folleca data do 22 de outubro de 1930 e está publicada no xornal *Heraldo Guardés* (Trigo Díaz 2001: 119 – 121); nela dise que na telleira se come ben, e que o xefe paga xenerosamente, e ademais diso tamén lles proporciona roupa e calzado.

- Vida na aldea. O cotián.

Nas *follecas* que abordan esta temática nárrese como vai todo na aldea, fálase do cotián. Observamos que as cuestións das que máis se fala son a colleita, a comida e o campo. Cóntase se a

colleita saíu ben ou mal, facendo fincapé na colleita vinícola, como afectou o tempo atmosférico ou se nas casas hai abundancia. Tamén se lles achega aos telleiros o prezo dos produtos. A lectura destas *follecas* achéganos a realidade galega de principio do século XX, onde o campo era a economía e sustento das familias e unha parte central do cotiá.

- Festas patronais.

Das festas patronais tamén se fala nas *follecas*. Nalgúñas ocasións abórdanse como punto de encontro entre os *cabaqueiros* e os seus amigos, namoradas e familia. Noutras móstrase como discorreron, posto que algunhas brigadas de *cabaqueiros* aínda non chegaran do traballo. As festas que teñen máis presenza nestas *follecas* son as da Guarda: as festas do monte e as festas de Santa Tegra, sendo tamén nas revistas de publicación anual sobre as mesmas onde publicaban os *cabaqueiros*. Outras festas tamén presentes nestas *follecas* son as de San Roque na parroquia de Salcidos, pertencente tamén ao concello da Guarda, a feira de San Gregorio en Pías, concello do Rosal e as festas de Tabagón, tamén no concello do Rosal.

As *follecas* que falan das festas patronais publicáronse tanto no xornal *Nuevo Herald* e *Heraldo Guardés* coma na revista *Programa de Fiestas del Monte Santa Tecla*, nas edicións dos anos 1961, 1962 e 1963. A folleca publicada no ano 1961 leva como título *Adedicado aos daordes que lasquean nas cabaqueiras*, cuxa tradución é “adicado aos compañeiros que traballan na cabaqueira”, observándose así a cuestión citada anteriormente: moitos cabaqueiros non tiñan oportunidade de desfrutar das súas festas.

A última *folleca* da que se ten constancia foi publicada na revista *Festas do Monte* – 1997. Tamén ten como temática as festas patronais, e é da autoría de Feliciano G. O. Nesta *folleca* o autor fala sobre as críticas recibidas por parte da veciñanza da Guarda cara a organización da festa e da dificultade de afrontar unhas celebracións con estas características por parte da comisión de festas. A temática mudou, e tamén os seus destinatarios. Isto mostra que a finais do século XX o *cabaqueiro* si se coñecía, mais o seu uso variou debido ás mudanzas ás que se someteu o gremio: a desaparición deste traballo.

- Nenzas, mozas.

Esta temática é abordada en *follecas* escritas desde diferentes contextos. Tense constancia dunha carta escrita dende a telleira, que data do 22 de outubro de 1930, asinada por Farruco da Xunqueira e publicada no xornal *Heraldo Guardés* na cal se di que a taberneira e a irmá da taberneira son guapas, e que acoden á taberna para estar con elas.

Cóntase con varias *follecas* que falan do cotián da aldea que tamén falan das mozas. Nelas dise que son traballadoras e bonitas. As *follecas* nas que máis se fala das *nenzas* son as que teñen como tema central as festas patronais, momentos de convivencia e ocio entre a xuventude.

Collemos como exemplo a seguinte *folleca*, que data do 24 de abril do 1963, sendo da autoría de Domingo Álvarez e publicada no *Programa de fiestas de Monte de Santa Tecla*:

(...)

*Tamén ajuzaredes e larearedes con nezas  
xidísimas, nenzas con fuciñeiras, aboias e  
jouchóns de mastio xido*

*E cómo larean para truscarse, para que o  
louro lles jaldrúe xido cando pariñen cos  
nenzos da Kaioa.*

*¡Sin truscamento, nexo!*

(...)

*¡Que nenzas! ¡Esnorzan os vijíto!*

(...)

DOMINGO ÁLVAREZ

(...)

Tambiém veréis y hablaréis con jóvenes  
bellísimas, con cada efigie, senos y piernas

Y cómo hablan para buscar casamiento, para  
que el Sr. Cura les eche la bendición cuando  
los novios se presenten en la iglesia!

¡Pero sin casamiento, nada!

(...)

¡Que jóvenes, que estropean los ojos!

(...)

DOMINGO ÁLVAREZ

- *Follacas* dun rulo cabaqueiro.

Este título corresponde a unha serie de catro *follecas* asinadas por Juan Avelino Otero que datan do ano 1980. Descoñécese a súa publicación nalgún medio. Estas *follecas* falan de tradicións e costumes do pasado. O autor conta como era o domingo da festa da parroquia, de cando namoraban, da matanza do porco ou da dureza dos traballos naquela época. Estas *follecas* teñen como fin que o verbo siga vivo e deixar por escrito cuestións do pasado que se cren xa esquecidas.

### 4.3. Revistas relacionadas con festas ou romarías

#### 4.3.1 Revistas anuais publicadas por motivo da festa do cabaqueiro

- Martínez Tamuxe, Xoán (1988) *Memoria del Homenaje y Monumento o cabaqueiro*.
- Martínez Tamuxe, Xoán (1989 – 2015) *Memoria da festa do cabaqueiro*.
- Martínez Barbosa, Juan Ramón (2016 – 2018) *Memoria da festa do cabaqueiro*.

A publicación *Memoria del Homenaje y Monumento o cabaqueiro n<sup>o</sup>1* saíu á luz na 1ª edición da homenaxe ao *cabaqueiro* que se celebrou no Rosal o 12 de outubro do ano 1988. Esta revista narra o acontecido na homenaxe do ano anterior, así como as motivacións para realizar a festa.

Este homenaxe xerou unha tradición no concello do Rosal: a celebración da festa do *cabaqueiro* no día 12 de outubro, manténdose esta até a actualidade. Cada edición conta coa súa propia publicación, que pasou a chamarse *Memoria de la festa do Cabaqueiro*, publicada desde o ano 1989 até o pasado ano 2018. No ano 1998 pasa a galeguizar o seu nome publicándose baixo o título *Memoria da festa do cabaqueiro*. Contamos cun total de trinta números desta revista, estando os primeiros vinte e sete asinados por Xoán Martínez Tamuxe, e collendo o relevo Juan Ramón Martínez Barbosa dende o ano 2016 até a actualidade.

Para comezar a análise da revista cabe facer unha breve introdución á vida e á obra do autor Xoán Martínez Tamuxe (O Rosal, 1930), estudoso da historia e a antropoloxía da comarca do Baixo Miño e arredores. O autor cursou estudos eclesiásticos nos Seminarios Menor de Tui (Filosofía) e Maior de Vigo (Teoloxía). En 1974 comeza estudos universitarios na Facultade de Xeografía e Historia de Santiago de Compostela. En 1977 traballa como secretario da Cámara Agraria Local da vila do Rosal e en 1979 a Delegación Provincial de Cultura noméao Garda-Encargado do Conxunto Histórico de Santa Trega e Conservador do Museo Arqueolóxico. Dentro da súa traxectoria como

antropolóxico colabora con numerosos proxectos históricos e antropolóxicos da comarca. Exerceu como profesor nos concellos da Guarda, Baiona e Pontareas.

Entre as súas obras destacan *Vía romana "per loca marítima" por el Bajo Miño y Costa Atlántica* (1975), *Contos de Manuel da Ventosela. Edición crítica* (1991) e *Cruceiros, cruces e almiñas do Baixo Miño I. Concello do Rosal* (1999). Tamén conta con numerosas obras sobre o estudos de arquitectura histórica, arqueoloxía, antropoloxía e historia da nosa comarca ( Martínez Tamuxe 2016).

A primeira revista publicada: *Memoria del Homenaje y Monumento cabaqueiro* (1988), e a primeira edición da revista *Memoria de la I festa do cabaqueiro* (1989) contan cunha serie de seccións e temáticas as cales se manteñen ao longo das trinta edicións da segunda revista.

A sección que abre estas publicacións leva o título de Motivación e nela nárranse os motivos polos cales se realiza a festa. Esta sección está asinada polo departamento municipal de cultura (Martínez Tamuxe, 1989: 7-8). Na primeira edición achegábase o seguinte:

Son abundantes las razones que nos mueven a la publicación de esta pequeña monografía que titulamos: MEMORIA DEL HOMENAJE E INAUGURACIÓN DEL MONUMENTO AL CABAQUEIRO EN O ROSAL, 1987. Es posible que para algunos les resulte innecesario, o, incluso inútil. Sin embargo, nos mueven diferentes motivaciones y muy serias: a) conveniente para crear documentación, a fin de guardar constancia de un importante acontecimiento: el homenaje y monumento al Cabaqueiro; b) porque, de no hacerlo, pasados algunos años, no quedaría memoria, tampoco, del proceso de realización artística por el escultor, o de las circunstancias que rodearon el nacimiento de la idea y su ejecución; c) por ser tema histórico-antropológico de la vida gallega y motivo de estudio e investigación, se hace necesaria toda información de estos acontecimientos populares; d) O Rosal (su Archivo, Museo, Biblioteca) están obligados a conocer el tema y a tener noticias escritas y orales, más que ningún otro pueblo, ya que esta zona es la cuna y "cátedra" de esta realidad histórica, antropológica, etnográfica, etc. Nadie más que O Rosal, con la parroquia de Salcidos (A Guarda), está obligado a conservar, difundir y defender esta singular manifestación histórico-cultural, que, como Patrimonio del Pueblo, nos sentimos con la obligación de transmitir a nuestros descendientes en generaciones venideras.

(Martínez Tamuxe 1988: 7-8)

Os puntos que aquí se tratan foron acadados posto que estas publicacións son algunhas das fontes que aportan máis información sobre a realidade dos *cabaqueiros*. Esta transmisión transcendeu no tempo e nas xeracións de veciños e veciñas do Rosal xa que a celebración derivou en tradición e

segue en pé na actualidade. Este feito fai que o patrimonio histórico-cultural do *cabaqueiro* non morrese, senón que se siga mantendo como eixo cultural do municipio.

Outra sección que se incluíu dentro destas publicacións leva como título *jalruamento do verbo* “fala do verbo” ou *jalruamento do louro* “fala do cura”. Esta sección recolle os discursos realizados en *cabaqueiro* por Feliciano Trigo Díaz nas diferentes edicións da festa. Este feito indica unha cuestión xa tratada, a estreita relación do autor coa comarca e coa cultura *cabaqueira*. Nas edicións das festas o crego lía un discurso no verbo louvando os *cabaqueiros* e o seu traballo (Martínez Tamuxe, 2016).

Cada número das memorias da festa tamén inclúe un breve glosario de léxico, imaxes da festa, artigos sobre o acontecido, artigos de historia do *cabaqueiro* ou artigos de diversas temáticas relacionadas co concello do Rosal: xestión do monte, deporte ou bens patrimoniais.

#### 4.3.2 Revista anual publicada con motivo das Festas do Monte de Santa Tegra

As Festas do Monte celébranse na vila da Guarda anualmente e contan con máis de cen anos de historia. En cada edición das festas publícase unha revista cuxo fin é publicitario.

Esta revista inclúe anuncios sobre establecementos da zona, información sobre as festas e unha serie de artigos culturais entre os cales atopamos *follecas* e artigos sobre o *cabaqueiro*. Na investigación realizada atopamos os seguintes artigos relacionados co *cabaqueiro*:

- Álvarez Álvarez, Domingo (1962) “Follecas da Jalleira”, *Programa de las Fiestas del Monte de Santa Tecla*.
- Álvarez Álvarez, Domingo (1961) “Follecas da Jalleira (Adedicado aos daordes que lasquean nas cabaqueiras)”, *Programa de las Fiestas del Monte de A Guarda*.
- González, Feliciano (1980) “Legado dialectico. Original de los trabajadores ceramicos (cabaqueiros)”, *Libro literario da Festa do Monte*.
- González, Feliciano (1997) “Follaca o orgina da delesa.”, *Festas do monte 1997*.

## 5. Análise lingüística do verbo

### 5.1. A importancia do verbo

*Verbo* ou *latín* son termos habituais para nomear diferentes xergas como se observa en Rodrigues Gomes (2004). Algúns exemplos son o verbo dos *chafoutas* ou o verbo dos *arginas*.

Os propios cabaqueiros referíanse á xerga que eles mesmos crearon deste xeito. Esta nomenclatura tamén era empregada en diferentes estudos sobre a xerga. O termo *latín* referido ao cabaqueiro vén introducido de diferentes modos, como son “Latín de los tejeros” ou “Latín dos *daordes*” (Alvárez Alvárez 1965: 30).

O nacemento do verbo débese á necesidade de crear un código comunicativo propio e non intelixible fóra da comunidade:

Los “cabaqueiros” para proteger su intimidad y poder entenderse entre ellos, sin que los demás les entendieran, habían creado a través de los tiempos un lenguaje propio: “O VERBO DOS CABAQUEIROS”

(González Martínez 2002: 58).

Esta creación veu dada por diferentes motivos. Os *cabaqueiros* migraban a outras provincias para desempeñaren o seu oficio, e as telleiras estaban situadas fóra do núcleo da poboación. Isto facía que a relación cos habitantes deses lugares fose escasa e tivesen a súa propia sociedade dentro do espazo de traballo.

O oficio de *cabaqueiro* non só estaba ligado á comarca do Baixo Miño, mais si que era este o lugar de procedencia dun maior número de profesionais do sector. Afirmar que o *cabaqueiro* unicamente se falaba polos traballadores da comarca é arriscado. Ora ben, tanto no estudo realizado por Lois Ladra (2006 :372) sobre as telleiras artesanais no concello de Ares, como en Fernández Palicio (2011) estudo sobre as telleiras de Valga e comarca, indícase que o *cabaqueiro* non é usado habitualmente polos telleiros procedentes desas comarcas. O uso do *cabaqueiro* nas telleiras situadas nestes lugares dáse de maneira residual e entre os procedentes do Baixo Miño que migraban para alí.

O *cabaqueiro* derivou de xerga a patrimonio antropolóxico e cultural da comarca, pois converteuse en obxecto de estudo e nun trazo característico dunha identidade concreta.

A meirande parte dos autores que publicaron manuais ou artigos sobre o verbo tamén eran telleiros, o que fai que nos manuais se reflecta paixón e cariño polo obxecto de estudo. Na seguinte *folleca* atopada en Trigo Díaz (2001: 122 - 123) obsérvase como os propios telleiros consideraban o verbo como propio, dicindo que unicamente o deben falar os cabaqueiros:

*Follecas en daorde*

Cartas en el VERBO

*Hay que esjarranchar en  
daorde e larear en daorde.*

Hay que escribir y hablar el VERBO.

*En cazón e en cata que lareen  
os que nunca zancanearon  
pra Marcela e pra Catarina (...)*

En castellano y en cualquier otro  
lenguaje que hablen los que nunca  
fueron a Castilla (...)

*O que non pariñou no sulá  
da Daordaria con lombeira  
non é daorde.*

El no estuvo nunca más allá  
de nuestra tierra con pereza  
no es daorde.

*Que non jarlúe nin esjarabanchee  
en daorde.*

Que no hable ni escriba  
en el VERBO.

*Heraldo Guardés, 29 de novembro 1930*

## **5.2. Formación de palabras**

Para a realización deste estudo gramatical apoiarémonos na tese de doutoramento de Jorge Rodrigues Gomes (2004), titulada *Estudo comparativo da formaçom de gírias gremais galegas e castelhanas* e realizada na Universidade de Vigo.

O autor fixo un minucioso estudo sobre xergas da Península Ibérica: neste documento realiza primeiramente unha análise gramatical de cada unha delas para, posteriormente, clasificalas baseándose nas súas características comúns. Este estudo é o máis completo neste senso.

Analizarase a formación do *cabaqueiro* atendendo á súa morfoloxía e, en menor medida, a procesos fonolóxicos. O léxico utilizado para exemplificar a dita análise extraerémolo do glosario léxico que se atopa en Trigo Díaz (2001).

### 5.2.1. A derivación

O autor fai distinción entre derivación externa e derivación interna. A primeira fai referencia á utilización de recursos derivativos para crear novos termos a partir de léxico da lingua base: o galego. A segunda refírese á formación de novas palabras a partir doutras xa pertencentes á xerga.

#### 5.2.1.1. A derivación externa

- Sufixación

a) Sufixación nominal:

- Sufixos que se presentan unicamente unha vez:
  - Sufixos cuxo significado é “resultado de”.
    - *-urrios*: *calzurrios*.
    - *-arruño*: *cegarruño*.
  - *-acho*: *vilacho*: Sufixo cuxo significado é “pequeno”:
- Sufixos de frecuencia reducida:
  - *-allo*: *funerallo*: Sufixo con significado de “lugar”:
  - *-ames*: *camixames* e *pelame*: Sufixo con significado de “conxunto”:
- Sufixos universais: sufixos que se poden inserir en calquera termo na fala espontánea cando non existe o correspondente na xerga. Este tipo de sufixos teñen múltiples significados:
  - *-ello*, *-a*:
    - *adobella*: Sufixo con significado de “conxunto de”.
    - *enterrello*: Sufixo con significado de “acción de”.
    - *Xoguello*: Sufixo con significado de “obxecto para”.

- *-emes*:
  - *abellemes*: Sufixo co significado de “conxunto de”.

Nalgúns casos engádesse para non utilizar a mesma forma que se usa na lingua galega como é o caso de *tempemes*: “tempo” ou *febreremes*: “febreiro”.

#### b) Sufixación verbal:

Este recurso é pouco utilizado e non se atopa un sufixo universal para a formación de verbos en derivación externa. A meirande parte dos sufixos preséntanse unicamente nunha ocasión e teñen como significado “acción de”:

- *-achar*: *picachar*, “acción de picar”.
- *-anciar*: *gabanciar*, “acción de gabar”.
- *-anivar*: *escoitanivar*, “acción de escoitar”.
- *-arrexar*: *festarrexar*, “acción de festexar”.
- *-igar*: *botigar*, “acción de botar: parir, tirar, botar”.
- *-ollear*: *picollear*, “acción de picar”.
- *-ullar*: *fregullar*, “acción de fregar”.
- *-edillar*: *seguedillar*, *perseguedillar*, “acción de perseguir”.
- *-ellar*: *desembrellar*, *tremellar*, “acción de tremer”.
- *-entar*: *querentar*, “acción de querer”.
- *-ichar*: *subichar*, “acción de subir”.
- *-ullir*: *acabullir*, “acción de rematar”.
- *-uñar*: *tapuñar*, “acción de tapar”.
- *-urrar*: *canturrar*, “acción de cantar”.

#### c) Formación de numerais:

Os numerais ordinais fórmanse inserindo o sufixo *-eiro* ao ordinal ou cardinal galego, sempre con infixos e algunha deformación na palabra base: *primoeiro*, *secundeiro*, *tersoleiro*, *cuatroeiro*, *quintueiro*, *sexueiro*, *setueiro*, *outueiro*, *novieiro*, *dezeleiro* etc.

d) Sufixación adverbial:

- Sufixo universal: *-emes*: *hoxemes*, *lonxemes*, *nunquemes*, *sempremes*.
- Os adverbios rematados na vogal *-i* fórmanse co sufixo *-bes*:
  - de lugar: *aquibes*, *allibes*, *aibes*.
  - de afirmación: *sibes*.
  - de modo: *asibes*.
- Os adverbios de lugar rematados na vogal *-a* fórmanse co sufixo *-tis*: *acatis*, *allatis*.
- Adverbio de modo: *-eiro*: *todeiro*. Este sufixo unicamente se atopa nesta ocasión no que respecta a formación de adverbios. O significado do termo sería “colectivamente”.

- Prefixación.

a) Prefixación nominal:

- Prefixo de frecuencia reducida: *acou-*: *acoufama*. Sufixo con significado de “persoa que posúe unha característica”.

b) Prefixación adverbial:

Utilización do prefixo *su-* para a formación de adverbios: *suali*, *suli*, *sudentro*, *sulonxe*, *sualto*, *sudiante*, *surriba*, *suantes*, *sufora*, *sutrás*, *subaixo*, *sufrente*, *sucá*, *sulá*.

- Parasíntese:

a) Formación de numerais:

Os numerais cardinais fórmanse inserindo o prefixo *del-* ao ordinal ou cardinal galego e o sufixo *-s* ou *-es*: *delincos*, *deleises*, *deleites*, *delezes*.

## b) Derivación verbal:

Os prefixos utilizados con carácter verbalizador neste tipo de derivación son *a-*, *de-* e *di-*. O primeiro aparece con frecuencia en galego para crear novos verbos, mentres que os demais están relacionados co prefixo *del-*. Os sufixos utilizados son *-ullar*, *-is* e *-uñir*. Os dous primeiros xa foron citados, sendo así *-uñir* o único asociado unicamente á derivación verbal con parasíntese:

- ***atapullar***: “acción de tapar”.
- ***depuñir***: “acción de poñer”.
- ***difinis***: “acción de finalizar”.

### 5.2.1.2. A derivación interna

#### - Sufixación.

a) Sufixación nominal: Dentro da sufixación nominal interna dáse a existencia de sufixos que se presentan na lingua galega e de sufixos que unicamente se presentan na xerga.

- Sufixos máis utilizados:
  - ***-ancio*, *-ancia***: Este sufixo ten múltiples significados:
    - Idea de acción / efecto:
      - ***chumancia***: “borracheira”
      - ***lavixancia***: “roubo”
      - ***lasqueancia***: “traballo”
      - ***gabirrancia***: “vixilancia”
    - Caracterizador de calidade de persoas ou cousas:
      - ***galruancia***: “gabacho”
      - ***gorotancia***: “pobre”
      - ***guichancia***: “ínfimo”
      - ***melcancia***: “pobre”
      - ***pescancia***: “intelixente”
      - ***petancia***: “rico”

- *-nte, -nta*: crea substantivos a partir de verbos e doutros substantivos:
  - *agouchante*: “atrapado”
  - *atufante / atufanta*: “agresivo / agresiva”
  - *bodecante*: “martelo”
  - *cutufante*: “agradable”
  - *fusqueante*: “noctámbulo”
  - *maqueante*: “fumador”
  - *ninante*: “durmido”
  - *papilosante / papilosanta*: “mestre / mestra”
  - *rellante*: “cliente de prostíbulo”

Cando o formador de substantivos é equivalente no seu valor a “persoa que realiza unha acción ou instrumento que serve para realizar unha acción” os sufixos *-dor* e *-da* son permutables con este nalgúns termos: *arrufador / arrufante, ninador / ninante*.

- *-aria / -eria*: o significado máis frecuente deste sufixo é o de indicar un colectivo, ou o local onde ese colectivo realiza unha actividade profesional. Nunha ocasión ten como función a formación dun topónimo:
  - *belbaría*: “conxunto de eguas”
  - *faldrellaría*: “tenda de camisas”
  - *galeraría*: “tenda de sombreiros”
  - *louraría*: “abadía”
  - *Cazonaría*: “Castela”
- *-deiro / -deira*: o significado deste sufixo é “instrumento ou obxecto que serve para realizar unha acción”:
  - *chumadeiro*: “vaso”
  - *cucadeira*: “cama”
  - *gandideira*: “comida”
  - *intervadeira*: “orella”
  - *ninadeira*: “cama”
- *-dor*: Este sufixo funciona como caracterizador e formador de adxectivos:

- *aguzador*: “mirador”
  - *arrañador*: “que gaña diñeiro”
  - *borreador*: “borracho”
  - *canoqueador*: “mentireiro”
  - *gaiteador*: “chorón”
- *-eiro / -eira*: este sufixo ten múltiples significados:
- Locativo e ocupacional no caso dos substantivos:
    - *borreira*: “bodega”
    - *cabaqueira*: “telleira”
    - *chioneira*: “estrada”
  - Caracterizador no caso dos adxectivos:
    - *acouceiro*: “cariñoso”
- *-mento*: expresa a acción ou efecto dun verbo:
- *agouchamento*: “abrazo”
  - *canaleamento*: “ouriñar”
- Sufixos de frecuencia reducida:
- a: *galrua*: “fala, lingua”
  - azo: *cabonazo*: “mordedura”
  - ada: *felonada*: “trasnada”
  - axe: *fustelaxe*: “vaixela”
  - al: *chouzal*: “lixo”
  - eda: *zaqueda*: “exaculación”
  - eo: *canaleo*: “ouriño”
  - ez: *xidez*: “fermosura”
  - on: *alomeon*: “maltrato”
  - oso: *churumijoso*: “graxento”
  - ote: *chincholeirote*: “camiño”
  - udo: *catoutudo*: “cabezudo”

b) Sufixación verbal:

- Sufijos universais: *-ar* e *-ear*.
  - *-ar*: *cazoar*, *faquexar*, *forneirar*, *surribar*.
  - *-ear*: *buretear*, *cotear*, *follaquear*, *gañarrear*.

Nalgunhas ocasións atopamos verbos co mesmo significado formados polos sufixos *-ar* e *-ear*:

- *bodecar*, *bodequear*: “martelar”
- *carochar*, *carrochar*: “fumar”
- *chamborrar*, *chamborrear*: “fumar”

c) Sufixación adverbial:

- Sufixo *-mente*:
  - *xidamente*: “boamente”
  - *ñurriamente*: “malamente”
  - *pirriamente*: “tristemente”

- Prefixación:

Unicamente se rexistra *des-* como prefixo de baixa produtividade con significado de negación:

- *des-*: *descatular*, *destruscar*, “divorciarse”

- Parasíntese:

a) Derivación verbal:

Os prefixos utilizados con carácter verbalizador neste tipo de derivación son: *a-* e *en-*, e o sufixo utilizado é: *-ar*:

- *acilardar*: “acción de manter relacións sexuais”
- *acordeletar*: “acción de atar”
- *ajouchar*: “acción de agarrar”
- *encicar*: “acción de ensuciar”
- *enfiañar*: “acción de vestir”

- *enpiltrar*: “acción de encamar

### 5.2.2. A composición

a) Compostos léxicos: Este recurso é de baixa produtividade no *cabaqueiro*.

- Compostos con termos procedentes do *cabaqueiro*:
  - verbo + substantivo:
    - ajuzafuzas* → “ollo + cara” → “espello”
    - esnorza xidos* → “mata + bos” → “matasáns”, “médico”
    - quilla xomarros* → “estraga + ovos” → “capador”
- Compostos con termos procedentes da lingua galega:
  - verbo + substantivo:
    - chupa caldo* → “abrigo”
    - tirafungas* → “tralla”
  - substantivo + adxectivo:
    - bocanegra* → “tren”
- Compostos mixtos: termos procedentes da lingua galega + termos procedentes do *cabaqueiro*:
  - verbo + substantivo:
    - canta rolas* → “conta mentiras” → “xornal”
    - puxamosto* → “puxa sangue” → “corazón”
  - substantivo + substantivo:
    - androdargas* → “antro demo” → “inferno”
  - substantivo + adxectivo:
    - tempoandio* → “tempo grande” → “verán”

*temporepulante* → “tempo frío” → “inverno”

b) Compostos sintagmáticos. Este recurso é de grande produtividade na xerga.

- Frase nominal constituída por un núcleo e un modificador, podendo ser este último un adxectivo, unha frase preposicional ou outro substantivo:

*feldrella da berra* → “saia da ovella” → “lá”

*jambiazo de cico* → “perna de porco” → “pernil”

*maravalla caneda* → “verdura moza” → “acelga”

*maravalla xida* → “verdura boa” → “repolo”

*xano xido* → “día bonito” → “domingo”

*xano llastido* → “día ido” → “onte”

Os termos *ciba* “casa” e *chión* “carro” son algúns dos que tiveron maior produtividade:

*ciba do belbo* → “casa do cabalo” → “corte”

*ciba do Darjas* → “casa do demo” → “inferno”

*ciba dos chamizos* → “casa da leña”

*ciba dos esnorzados* → “casa dos enfermos” → “hospital”

*ciba da murcideira* → “casa da comida” → “restaurante”

*ciba do sabiolo* → “casa do mestre” → “escola”

*ciba sen chamiceira* → “casa sen cheminea” → “concello”

*ciba de traspor* → “casa de comprar” → “tenda”

*chións de areóns* → “carro de area” → “carretillo”

*chión da bureta* → “carro da auga” → “barco”

*chión do dejancheiro* → “carro do sal” → “barco”

*chión dos esnorzados* → “carro dos enfermos” → “ambulancia”

*chión de fogo na bureta* → “carro de fogo na auga” → “barco a motor”

*chión de rodas de fogo* → “carro de rodas de fogo” → “automóbil, coche”

- Cláusula formada por un verbo e unha frase preposicional ou adverbio:

*jalruar ao mudo* → “falar ao caderno” → “ler no caderno”  
*jalruar ao bolorio* → “falar ao portal” → “chamar á porta”  
*jalruar pirrio* → “falar mal” → “rifar”  
*pariñar na rosca* → “estar ao redor” → “non traballar”

### 5.2.3. Familias léxicas

Os procesos morfolóxicos de derivación dan lugar a familias léxicas. A familia léxica de *bureta* 'auga' é a que conta con maior número de termos. Analizándoa observamos moitos dos procesos morfolóxicos xa citados:

- Familia léxica de *bureta*: “auga”
  - *Bureteado*: “aguado”
  - *Bureteador*: “aguador”
  - *Buretadora*: “húmida”
  - *Bureteante*: “aguador”
  - *Buretear*: “chover”
  - *Bureteiriña*: “fonte de auga”
  - *Bureteiriño*: “regueiro”
  - *Bureteiro*: “río”
  - *Bureteiro jiche*: “arroyo”
  - *Bureteiro do terris*: “pozo”
  - *Bureteiro granxemes*: “mar”
  - *Buretenta*: “humidade”
  - *Bureteo*: “choiva”

### 5.2.4. Formación de palabras mediante procesos fonolóxicos

- Aférese
  - *merciar*: comerciar. Elimínase *com-* en inicio de palabra.
  - *Lomear*: alumear. Engádese *a-* en inicio de palabra.
- Síncope:
  - *pacha*: parrocha. Elimínase a sílaba *-rro-*.

- Acurtamento:
  - *departo*: departamento.
  
- Metátese:
  - *dangle*: grande. Permuta de consoantes líquidas.
  
- Metátese e prótese:
  - *postoago*: agosto. Prótese consonántica.
  - *zarabullo*: barullo. Prótese silábica.
  
- Onomatopeias:
  - *Runronar*: tocar instrumentos musicais.
  - *Ximpúns*: foguetes.

### 5.3. Similitudes gramaticais con outras xergas

O *cabaqueiro* non é un caso illado, é unha xerga e compórtase como tal. Na Península Ibérica son numerosos os exemplos de xergas e estas comparten trazos comúns.

Esta cuestión é abordada nos libros e manuais consultados. En Álvarez Álvarez (1965: 24) faise alusión a que hai etimoloxías compartidas entre as xergas dos telleiros, canteiros e albaneis, mais isto abórdase de maneira superficial. En Trigo Díaz (2001) hai un capítulo adicado á semellanza entre a xerga dos telleiros de Llanes: a *xiriga*, e a dos do Baixo Miño: o *cabaqueiro*. Baséase unicamente no plano léxico e o autor afirma que son verbos xemelgos. O autor fai alusión a cuestións que non só comparten estes dous verbos:

- O adxectivo “bo” preséntase como *xido*.
- O verbo para referirse aos significados de “ser”, “estar”, “vir” ou “achegarse” é *parar*.

Como se indica ao inicio deste capítulo, o estudo que analizou esta cuestión dun xeito máis minucioso e amplo atópase en Rodrigues Gomes (2004). Neste estudo baséase a análise presentada a continuación.

Para comezar cabe falar das características contextuais que as xergas comparten, que se ven reflectidas na súa gramática e no seu léxico. O máis común no tipo de oficios que dan lugar a esta comunicación é que os gremios se localizaban nunha comarca concreta, os traballadores trasladábanse do seu lugar de orixe para a realización do traballo e acostumaban a viaxar en grupo ou en parella: aprendiz e patrón (Rodrigues Gomes 2004:31). O feito de que estean ligadas a un oficio fai tamén que nacesen con fin comerciais, para garantir os segredos da súa produción e poder enganar o comprador do produto (González Martínez 2002: 58).

Co fin de sistematizar os datos aportados polo autor foron realizadas unha serie de táboas para así mostrar dunha maneira clara e precisa os datos realizando un estudo comparativo das características comúns do *cabaqueiro* con outras xergas.

Rodrigues Gomes (2004: 287) establece tres grupos de xergas: os grandes criptolectos da construción onde sitúa o *cabaqueiro* xunto co dos *arginas* (albaneis) e os *chafoutas* (canteiros), os criptolectos do Cantábrico Central e o Bron e Burón. Este tipo de clasificación vén dada polas características que estas xergas teñen en común.

A seguinte táboa mostra as características que comparten as xergas dos *arginas* e *chafoutas* e o *cabaqueiro*:

	ARGINAS E CHAFOUTAS	ARGINAS	CHAFOUTAS
MORFOLOXÍA FLEXIVA E DERIVATIVA	<p>Prefixo deformador <i>del-/de</i>.</p> <p>Sufixo universal <i>-emes</i>.</p> <p>Sufixo <i>-ancia</i> como formador de substantivos a partir de substantivos.</p> <p>Sufixo <i>-nte</i> coa súa forma</p>		<p>Prefixo deformador <i>su-</i> como formador de adverbios de lugar.</p> <p>Flexión de xénero característica no par <i>calleo</i> “home” e <i>calloa</i>, “muller”.</p>

	flexionada <i>-nta</i> como formador de substantivos a partir de substantivos.		
PRONOMES	<p><i>Moi</i>: 1ª persoa singular tónico en función de suxeito: <i>que o moi os a de aturar</i> “que eu tereinos que aturar”</p> <p><i>Toi</i>: 2ª persoa do singular tónico en función de suxeito.</p>	<p><i>Nóbis</i>: 1ª persoa do plural tónico en función de suxeito.</p> <p><i>Vóbis</i>: 2ª persoa do plural tónico en función de suxeito.</p>	
VERBOS	<i>Parar</i> : significados básicos de “ser”, “estar”, “haber” e “ter”.		
ADXECTIVOS E ADVERBIOS	<p><i>Xido, -a</i>: “bo”, “ben”.</p> <p><i>Ñurrio, -a</i>: “malo”, “mal”.</p> <p><i>Giche</i>: “pequeno”.</p>	<p><i>Dangle</i>: “grande”.</p> <p><i>Granxemes</i>: “grande”.</p> <p><i>Gichirolo</i>: derivado de <i>Giche</i>: “pequeno”.</p>	<i>Pirrio</i> : “malo”, “mal”.

Seguindo coa clasificación realizada por Rodrigues Lopes (2004), analizaranse tamén as características en común que ten o cabaqueiro coas xergas dos outros dous grupos: Cantábrico Central e *Bron* e *Burón*.

O primeiro grupo está formado por xergas asturianas e a *Pantoja*, procedente de Cantabria. Forman parte deste grupo as seguintes xergas: A *xiria de los Tamargos* (telleiros), o *Mansolea* (zapateiros), o

*Varbéu* (cesteiros), a *Pantoja* (canteiros) e o *Ergue* (canteiros). No segundo grupo inclúense, como o seu nome indica, o *Bron* (comerciantes) e o *Burón* (caldereiros).

A seguinte táboa mostra as similitudes entre o cabaqueiro e as xergas *Pantoja*, *Mansolea* e *Xíriga de los Tamargos*, sendo a *Pantoja* a xerga non galega coa que o *cabaqueiro* ten maior relación.

	PANTOJA, MANSOLEA E XÍRIGA DE LOS TAMARGOS	PANTOJA	MANSOLEA E XÍRIGA DE LOS TAMARGOS
PRONOMES			<i>Imes</i> (cabaqueiro) <i>Imis</i> (mansolea e xíriga de los tamargos): 1ª persoa do singular tónico en función de suxeito.
VERBO	<i>Parar</i> : significados básicos de “ser”, “estar”, “haber” e “ter”.		
ADXECTIVOS ADVERBIOS	E Lexema <i>Xido</i> , -a: “bo”, “ben”.	<i>Giche</i> (cabaqueiro) <i>Gichis</i> (pantoja): “pequeno”.	

En canto ás características comúns entre o cabaqueiro e as xergas *Bron* e *Burón*, o autor só observa a utilización do pronome *moi* e *toi*, para o pronome tónico da primeira e segunda persoa do singular en función de suxeito.

Para finalizar a análise de características comúns das xergas mostraranse as características en común do *cabaqueiro* con xergas que non están incluídas en ningún destes tres grupos. Realizarase unha táboa para cada unha de elas.

- *Lapizarro*, correspondente aos cesteiros de Mondariz.

	LAPIZARRO
--	-----------

MORFOLOXÍA DERIVATIVA	<p>Prefixo deformador <i>del-/de</i>.</p> <p>Sufixo <i>-nte</i> ca súa forma flexionada <i>-nta</i> como formador de substantivos a partir de substantivos.</p>
VERBO	<i>Parar</i> : significados básicos de “ser”, “estar”, “haber” e “ter”.
ADXECTIVOS E ADVERBIOS	<p><i>Xido, -a</i>: “bo”, “ben”.</p> <p><i>Ñurrio, -a</i>: “malo”, “mal”.</p>
PRONOME	<p><i>Moi</i>: 1ª persoa singular tónico en función de suxeito.</p> <p><i>Toi</i>: 2ª persoa do singular tónico en función de suxeito.</p>

- *Arginas* de Oliveira do Hospital, correspondente aos albaneis da Beira Alta, Portugal.

	ARGINAS DE OLIVEIRA DO HOSPITAL
ADXECTIVOS E ADVERBIOS	<p><i>Xido, -a</i>: “bo”, “ben”.</p> <p><i>Ñurrio, -a</i>: “malo”, “mal”.</p> <p><i>Giche</i>: “pequeno”.</p> <p><i>Granxo</i>: “moito”, “grande”.</p>
PRONOMES	<p><i>Moi</i>: 1ª persoa singular tónico en función de suxeito.</p> <p><i>Toi</i>: 2ª persoa do singular tónico en función de suxeito.</p>

- *Barallete*, correspondente aos paraugueiros e afiadores de Ourense.

	BARALLETE
MORFOLOXÍA DERIVATIVA	Sufixo <i>-nte</i> coa súa forma flexionada <i>-nta</i> como formador de substantivos a partir de substantivos.

VERBO	<i>Parar</i> : significados básicos de “ser”, “estar”, “haber” e “ter”.
ADXECTIVOS E ADVERBIOS	<i>Giche</i> : “pequeno”.

- *Xingreiros*, correspondente aos músicos de Celanova.

	XINGREIROS
MORFOLOXÍA DERIVATIVA	Sufixo <i>-nte</i> coa súa forma flexionada <i>-nta</i> como formador de substantivos a partir de substantivos.
ADXECTIVOS E ADVERBIOS	<i>Granxo</i> : “moito”, “grande”.
PRONOMES	<i>Moi</i> : 1ª persoa singular tónico en función de suxeito. <i>Toi</i> : 2ª persoa do singular tónico en función de suxeito.

Da sistematización destes datos conclúese que no plano morfolóxico a xerga coa que o *cabaqueiro* ten máis características comúns é a dos *chafoutas*. A dos *arginas* é aquela coa que máis características en común ten respecto a adxectivos e adverbios. Esta cuestión é lóxica posto que as tres xergas están relacionadas con oficios do sector da construción. A terceira xerga coa que o *cabaqueiro* comparte un maior número de características é o *lapizarro* de Mondariz.

En canto ás características que teñen en común as xergas analizadas vemos que os trazos que máis se comparten son a utilización dos pronomes *moi* e *toi* como pronomes tónicos da 1ª e 2ª persoa do singular en función de suxeito, o uso do verbo *parar* cos significados básicos de “ser”, “estar”, “haber” e “ter” e a utilización do adxectivo *xido* co significado de “bo” “ben”.

## 5.4. Lexicoloxía e semántica

O léxico foi o campo lingüístico máis estudado e tratado nas fontes analizadas. Todos os libros publicados sobre o *cabaqueiro* posúen un glosario propio de léxico. En Álvarez Álvarez (1695) o glosario conta con máis de mil termos, en González Martínez (2004) temos 513 termos e en Trigo Díaz (2001) máis de tres mil. Outra fonte aínda non citada e que tamén conta cun breve dicionario do *cabaqueiro* é o libro *Bandolerismo. Romerías y jergas gallegas*. Autoría de Xavier Costa Clavell e publicado no ano 1980; este libro apórtanos 351 termos. Cabe dicir que nas publicacións anuais da revista *Memoria da festa do cabaqueiro* hai unha sección adicada ao léxico. Esta sección trata a temática de maneira breve aportando entre dez e vinte termos en cada publicación.

### 5.4.1. Problemas coas entradas lexicográficas nos glosarios do cabaqueiro

Nestes glosarios dáse un erro a ter presente á hora de analizar o léxico. Obsérvase a existencia de palabras que proceden de linguas estranxeiras: préstamos. Outras proceden do galego, nalgúns casos representadas con variación fonética. Dáse a recollida de palabras procedentes da lingua portuguesa, usadas comunmente de maneira dialectal na comarca do Baixo Miño. Esta cuestión tamén deu pé a críticas, como observamos en González Martínez (2004: 123), onde se afirma que no libro *Jergas de Galicia* unicamente 244 termos proceden directamente do *cabaqueiro*. Na revista *Memoria de IV la fiesta do cabaqueiro n°4* (1992), eloxiando o traballo feito por Álvarez Álvarez (1965), tamén se cita esta cuestión.

En ocasións vese que cada unha das variantes fonéticas dunha mesma palabra ten a súa correspondente entrada nun glosario. Como podemos ver en Trigo Díaz (2001), atópanse as formas *gaiteiro* e *jaiteiro* coa mesma tradución: garda civil. A gheada é característica dialectal presente no galego do Baixo Miño, onde o fonema oclusivo velar sonoro [g] se pronuncia como fricativo velar xordo [x]. Este trazo aparece representado cos grafos /g/ e /j/ indistintamente.

Nalgúns termos obsérvase a representación do mesmo significado con diferentes termos con alternancia vocálica, como poden ser *coruxa* e *curuxa*, ou en palabras con e sen ditongo, como *azougar* e *azogar*.

### 5.4.2. Voces galegas e voces portuguesas

a) Voces galegas:

Son numerosos os termos que son propios da lingua galega asociados ao cabaqueiro, así como dialectalismos propios das comarcas do sur de Pontevedra. Estes termos móstranse como propios do cabaqueiro cando en realidade non o son. Algúns exemplos deste fenómeno son:

*Alumear, arquetes, axotar, atoubar, alambrar, alombar, argalla, arranxar, asente, bartola, bañar, bufar, caneco, chamiza, cisco, chaiñas, decote, jabacho, larear, faísca, tunda, zafar, zancada.*

b) Voces portuguesas de uso dialectal na comarca do Baixo Miño:

O feito de que a comarca do Baixo Miño estea situada na fronteira con Portugal fai que nas variedades diatópicas do galego oral da comarca se usen termos propios do portugués. En Trigo Díaz (2001) as seguintes palabras propias da lingua portuguesa son citadas como propias do cabaqueiro:

*Arrumar, achar, bolacha, cazona, casaca, chavellos, coriscar, empreitada, engodo, espatifar, fuza, gaxo xíria, xiboia, larapio, marmaxo, niques, percevella, sarar, tella: con significado de manía, xacota, zafado.*

#### 5.4.3. Préstamos

Como indicamos anteriormente, o *cabaqueiro*, ao igual que outras xergas, presenta préstamos dentro dos termos que se recollen nos diferentes glosarios léxicos. En Rodrigues Gómez (2004: 117-119) o autor fai referencia a préstamos das seguintes linguas: éuscaro, romaní, francés, castelán e latín. Algúns destes préstamos poden ter chegado ao *cabaqueiro* a través doutras xergas.

- Préstamos do éuscaro:
  - *Andion* (< handi, “grande”; *handian, handien* son formas declinadas): moitísimo.
  - *Baidó* (< bai, “si”, *baiki*, “con certeza”): ben, si.
  - *Valderrama* (< baldenarpez, “alcalde”): xuíz.
  - *Bijio* (begi, “ollo”): ollo.
  - *Bureta* (< uretan, forma declinada de *ur*, “auga”): auga.

- *Caicoa, caicoinho, queico* (< jainkoa, “o deus”): igrexa, deus, santo.
  - *Dajancha* (< gatzá, “o sal”): sal.
  - *Giche* (< gitxi/gutxi, “pouco”): pequeno.
  - *Morron* (< morroi, “mozo”): fillo, neno, rapaz.
  - *Orgina* (< hargina “o canteiro”): amo, patrón, xefe.
  - *Urdio* (< urde “porco”): porco.
  - *Uz* (< uzki “cú”): cu.
- Préstamos do romaní:
    - *Larcha* (< lacha, “vergoña”): vergoña.
    - *Racha* (< rachi, “noite”): noite.
    - *Rulé* (< rulé, “cú”): cú.
- Préstamos do francés:
    - *Moi* (< moi, “eu”): eu.
    - *Toi* (< toi, “ti”): ti.
    - *Motoo* (< mouton, “carneiro”): carneiro.
    - *Vilacho* (< village, “aldea”): aldea.
- Préstamos do castelán:
    - *Trapichar* (< trapichear, “comerciar”): vender.
    - *Trefe* (< trefe, “falso”): feo, malo, ruín.
    - *Usmear* (< husmear “buscar, averiguar”): buscar.
    - *Villorio* (< villorrio “núcleo pequeno de poboación”): aldea, vila.
- Préstamos do latín:
    - *Nóbis* (< nóbis “nós”): nós.
    - *Vóbis* (< vóbis “vós”): vós.
- Xermanismos:

Rodrigues Gomes (2004: 118) fai referencia á existencia de voces que proveñen de linguas xermánicas: *calcurrio*: “calzado”, *dátiles*: “dedos” e *piltra*: “cama”.

#### 5.4.4. Campos semánticos

Cómpre citar os campos semánticos que teñen unha maior presenza na clasificación dos termos analizados para así comprender mellor o contexto dos falantes da xerga. No ANEXO 1 pódese consultar a clasificación completa dos termos atopados en González Martínez (2002) ordenados por clase de palabra. A continuación presentaranse os diferentes campos semánticos ordenados pola relevancia dos mesmos e establecendo unha división: termos especializados no oficio e termos xenéricos. Cada campo semántico vai acompañado de dous exemplos a modo de explicación.

a) Termos especializados no oficio: no cabaqueiro cóntase con léxico especializado para nomear diferentes campos semánticos relacionados co desempeño do oficio, como son:

- Accións relacionadas co oficio:
  - *Encachar*: introducir anacos de tellas cruzadas en forma de cuña nos lugares onde o material non está o suficientemente apertado.
  - *Bruñir*: bañar as tellas con auga.
  
- Barro:
  - *Cascarrias*: partículas de barro que ó salpicar quedan pegadas á pel.
  - *Pañón*: porción de barro que o oficial colle nas mans para moldear.
  
- Categorías laborais:
  - *Cachizas*: aprendiz.
  - *Oficial*: o que moldea as tellas e ladrillos.
  
- Ferramenta:
  - *Malacate*: amasador de barro accionado por un cabalo ou burro.
  - *Peine*: varas de madeira que se introducen nos buratos do marco para facer os buratos dos ladrillos.
  
- Forno:
  - *Boleiro*: forno.
  - *Darbaixa*: momento no que o forno está máis quente.
  - Partes do forno:

- *Arquetes.*
  - *Buolos:* tiros.
- Tella. Partes e forma:
    - *Candiles:* tellas tortas.
    - *Jabilán:* esquina da tella.

b) Termos xenéricos:

A seguinte lista ten como finalidade mostrar os diferentes campos semánticos, e está ordenada por relevancia e número de termos:

- Accións cotiás (100):
  - *Gipar:* ver.
  - *Taxicar:* fabricar.
- Partes do corpo (51):
  - *Chencha:* cabeza.
  - *Pasajitos:* gorxa.
- Ano (5):
  - *Fosquete.*
  - *Uz.*
- Peitos (4):
  - *Badalocas.*
  - *Boias.*
- Pene (6):
  - *Atibaia.*
  - *Lurán.*
- Vaxina (7):
  - *Bacha.*

- *Berrica*.
- Adxectivos descritivos (44):
  - *Baduador*: falador.
  - *Avicancano*: deforme.
- Alimentos (33):
  - *Balocas*: patacas.
  - *Marballas*: verzas.
- Insultos (33):
  - *Danoca*: feo.
  - *Lubrián da jalleira*: tonto da aldea.
- Obxectos relacionados coa vida cotiá (30):
  - *Arrumeira*: escoba.
  - *Botifarra*: botella.
- Violencia (28)
  - *Alomear*: maltratar, castigar, quemar.
  - *Taina*: patada.
  - Armas (6):
    - *Atufantiña*: pistola.
    - *Canafaruda*: escopeta.
- Diñeiro (22):
  - *Anciñar*: gañar cartos.
  - *Plantar un salgueiro*: non pagar.
- Oficios (22):
  - *Afiñador de lurios*: canteiro.
  - *Esnorzaxidos*: médico.
- Animais (21):

- *Caruxo / caruxa*: galo / galiña.
- *Rabete*: coello.
- Bebidas alcohólicas e efectos (17):
  - Augardente (2):
    - *Buxanquente*.
    - *Jañarra*.
  - Borracheira (6):
    - *Caixadajuas*.
    - *Lascardia*.
  - Viño (9):
    - *Lacre*: viño.
    - *Xiropa*: viño de mala calidade.
- Conceptos abstractos (14):
  - *Mica*: morriña.
  - *Xulica*: silencio.
  - Medo (3):
    - *Beta*.
    - *Espelme*.
  - Mentira (4):
    - *Milleira*.
    - *Jarola*.
- Espazos cotiáns dunha vila ou aldea (14):
  - *Buxanta*: escola.
  - *Fura*: taberna.
- Espazos da vivenda ou telleira (13):

- *Belbería*: corte.
- *Parromeira*: lareira.
- Expresións (10):
  - *Baidó*: ben, si, está ben, igual.
  - *Gichería*: ogallá.
- Familia (10):
  - *Cormán*: irmán.
  - *Chachaia*: nai.
- Roupa e calzado (10):
  - *Bandalla*: camisa.
  - *Taroucas*: zocas.
- Morte (9):
  - *Arqueira*: ataúde.
  - *Calabrote*: morto, cadáver.
- Emocións e afecto (7):
  - *Amenxido*: estimado.
  - *Daorde*: amigo, compañeiro.
- Sexo (7):
  - *Catalinas*: enfermidade de transmisión sexual.
  - *Tareco*: o acto de manter relacións sexuais.
- Topónimos e xentilicios (6):
  - *Biqueque*: portugués.
  - *Brasueiro*: Brasil.
- Campo meteorolóxico (6):
  - *Encalmar*: facer calor.
  - *Zaficardo*: frío.

- Foráneo (5):
  - *Catoña*: muller natural do lugar de traballo.
  - *Xanderrabas*: persoa descoñecida.
  
- Eclesiástico (8):
  - *Buxo*: cura, párroco.
  - *Darjas*: diaño.
  
- Elementos naturais (7):
  - *Ferrán*: herba.
  - *Lurio*: pedra.
  
- Materiais (5):
  - *Broulla*: resina.
  - *Ourizo*: pedra.
  
- Estacións do ano e partes do día (4):
  - *Apoupeiro*: outono.
  - *Fusca*: noite.
  
- Cuestións escatolóxicas (3):
  - *Baleardo*: defecación.
  - *Canalear*: ouriñar.
  
- Medios de transporte (3):
  - *Bocanejra*: tren.
  - *Chion*: carro.
  
- Textos (2):
  - *Follaco*: xornal.
  - *Folleca*: carta.

Os campos semánticos que contan cun maior número de termos son as accións da vida cotiá, con cen termos, os adxectivos descritivos e as partes do corpo. Outros campos como obxectos e alimentos tamén son dos máis numerosos. Esta cuestión non ten relevancia á hora de analizar o contexto dos *cabaqueiros*, posto que é lóxico que estes termos sexan os máis utilizados dado que están presentes no día a día.

Obsérvanse outros campos que si son de relevancia á hora de analizar o contexto. O campo semántico do diñeiro conta cun maior número de termos que campos como os da roupa, os espazos da vivenda, a vila ou a familia. Isto é indicativo de que o diñeiro era algo importante: o motivo polo cal abandonaban o seu fogar e emigraban.

Na clasificación feita o campo semántico de “sexo” conta con sete termos, mais a este tamén se lle podería engadir os diferentes termos que teñen como significado “peitos”, “pene” e “vaxina. Facendo esta suma o número de termos aumentaría indicando que este campo tamén era relevante.

A violencia, a morte e os insultos tamén son campos semánticos con numerosas acepcións: insultos e violencia teñen máis termos que outros campos semánticos da vida cotiá como animais, oficios ou obxectos. En ocasións defínense os *cabaqueiros* como persoas de pouca sociabilidade, rudas e fortes. Estes termos denotan un contexto agresivo.

Por último, o feito da existencia de termos para conceptos abstractos como o medo ou a mentira, que contan con sinónimos, ou para as emocións, é un dato que singulariza o verbo dos *cabaqueiros* como se di en Rodrigues Gomes (2004: 124). O autor indica que a xerga do cabaqueiro ten un maior número de conceptos abstractos relacionados coas emocións. Estes conceptos son pouco usuais dentro do léxico dunha xerga.

#### 5.4.5. Modificación semántica

Dentro do léxico do *cabaqueiro* temos numerosos exemplos de modificación semántica, é dicir, do uso de termos propios do galego común cunha modificación do seu significado orixinal. Os exemplos presentados están recollidos no glosario que se atopa en Trigo Díaz (2001).

- *aferrar*: incitar
- *afiar*: indicar
- *agua*: patrón

- *alén*: fame
- *ancha*: estrada
- *anublado*: oculto
- *bisajra*: costas
- *bermella*: cereixa
- *bicho*: amo
- *boia*: peitos
- *cadela*: preguiza
- *caldear*: durmir
- *calmar*: loitar
- *carrachos*: botóns
- *carrasco*: agosto
- *caxato*: piollo
- *chaqueta*: perder cartos
- *ciscar*: defecar, fracaso
- *codia*: prostituta
- *cona*: sartén
- *choco*: caldo
- *crastos*: cartos
- *croque*: grolo
- *cuncas*: tellas, tesouros
- *dolores*: carteira
- *escama*: peseta
- *escaravello*: nivel
- *esfolar*: cobrar, ganar
- *espleitar*: esperar
- *formal*: molde para tellas
- *furar*: arar
- *gaiteiro*: garda civil
- *gamela*: cunca
- *janela*: cunca
- *lamas*: hora
- *xurelo*: traballo duro
- *lamber*: ir, marchar
- *lámpara*: misa
- *langosta*: preguiza
- *lareira*: preguiza
- *loba*: borracheira
- *moreno*: pote
- *morena*: cazola
- *mosto*: sangue
- *mudo*: libreta
- *mula*: banco de traballo
- *negreira*: tinta
- *oso*: flatulencia
- *redonda*: laranxa
- *rosca*: broma
- *tasca*: tarde
- *toupa*: morte
- *triscar*: escoitar, oír

Outro exemplo de modificación semántica atopámolo nun dialectalismo propio do Baixo Miño que muda de significado:

- *cachiza*: deporte tradicional galego cuxo termo máis común é *billarda*. En cabaqueiro posúe o significado de *nenoa*.

## 6. ACTUALIDADE DO CABAQUEIRO

A xerxa dos *cabaqueiros* deixou pegada no imaxinario colectivo dos habitantes do Baixo Miño, en especial nos habitantes dos concellos do Rosal e A Guarda. Termos do *cabaqueiro* séguense utilizando a día de hoxe no rexistro coloquial, tanto en galegofalantes coma en castelanfalantes.

### 6.1 Metodoloxía

Para coñecer o estado do *cabaqueiro* na actualidade realizáronse 53 cuestionarios a persoas de diversas idades e realidade cotiá, co fin de obter un resultado o máis heteroxéneo posible. As

cuestións incluídas no cuestionario teñen como fin coñecer se os participantes teñen coñecemento do *cabaqueiro*, se o usan de maneira habitual e en que contextos o fan.

As cuestións formuladas foron as seguintes:

- Datos persoais:
  - Idade
  - Concello e parroquia de nacemento
  - Lingua de uso habitual
    - Galego
    - Castelán
  - Profesión (se traballaches nas telleiras ou no sector da construción, indícao)
  
- Preguntas relacionadas co *cabaqueiro*:
  - Que é o *cabaqueiro*?
  - Coñeces algún libro, artigo, revista relacionado co *cabaqueiro*? Cal?
  - Coñeces algunha palabra en *cabaqueiro*? Poderías facer unha breve lista?
  - Utilizas palabras en *cabaqueiro* no teu día a día? Cales?
  - Escoitas habitualmente palabras en *cabaqueiro*? Poderías facer unha breve lista?
  - Se contestaches afirmativamente á anterior pregunta, indica en que contextos.

O cuestionario realizouse de maneira virtual aproveitando a facilidade que nos aportan as novas tecnoloxías. Realizouse desde a plataforma *Google Drive*, xa que dá opción a múltiples ferramentas para o estudo dos cuestionarios. Para a súa difusión botouse man das redes sociais *Facebook* e *Whatsapp*. A utilización deste medio fixo que o cuestionario chegase a persoas de características diversas.

## 6.2 Datos das persoas participantes

Os datos que teñen máis relevancia á hora de estudar a actualidade do *cabaqueiro* son a idade e a parroquia de nacemento. É interesante ter en conta a idade, posto que a xente máis vella por lóxica debería ter un maior coñecemento do *cabaqueiro*, xa que é probable que coñecesen telleiros de primeira man. Analizando as respostas da xente máis nova achegámonos ao estado actual, xa que

non tiveron tanto contacto co verbo. Por esta cuestión é o grupo que se tivo máis en conta á hora de realizar os cuestionarios.

A parroquia de nacemento tamén é relevante posto que, como se observou ao longo do traballo aquí exposto, as parroquias do Rosal e as da Guarda eran as que contaban cun maior número de *cabaqueiros*.

A lingua habitual incluíuse para observar se hai máis termos en *cabaqueiro* no galego, lingua que usaban os telleiros, ou no castelán. Por último, a profesión é relevante, xa que é interesante saber se a xente relacionada co sector da cerámica ou a construción ten maior, menor ou igual coñecemento da xerga. Esta cuestión introducíuse porque en conversas informais con xente coñecida estas indicaron que o da construción era o sector onde máis se usaban os termos *cabaqueiros*.

Establecéronse tres grupos de idade para a análise dos datos:

- De 20 a 35 anos (ambos incluídos): 36 persoas.
- De 35 a 50 anos (ambos incluídos): 13 persoas.
- A partir de 50 anos: 5 persoas.

Canto aos concellos de procedencia, contamos con participantes da Guarda, O Rosal, Oia e Tomiño, sendo os dous primeiros os grupos cun maior número de participantes. Da Guarda son un total de 25 participantes, do Rosal proceden 20, de Oia 3 e de Tomiño 5.

Canto aos oficios, cóntase con participantes de diferentes sectores: estudantes, sector sanitario, sector educativo, sector agrícola, sector da construción, sector da limpeza e persoas desempregadas. As diversas profesións dos participantes fai que esta cuestión non sexa relevante, xa que non se pode establecer un grupo homoxéneo.

Por último, canto á lingua de uso habitual temos un 28,6% de castelanfalantes e un 71,4% de galegofalantes. Cabe dicir que moitas das participantes usan galego e castelán na súa vida cotiá, con predominio dunha sobre outra.

### **6.3. Información**

A información recollida será estudada segundo as seguintes cuestións: coñecemento da existencia do *cabaqueiro*, coñecemento dalgunha fonte para o estudo do mesmo, coñecemento de termos, utilización e contexto de uso. Clasificaremos a información recadada por grupos de idade e concello de nacemento no caso dos concellos da Guarda e O Rosal dado o número de participantes. A información aportada por persoas doutras procedencias clasificarase segundo cales sexan estas.

- A Guarda
  - Grupo 1: participantes de 20 a 35 anos de idade.

Este grupo está composto por 19 participantes: 8 castelanfalantes e 11 galegofalantes. Soamente tres participantes din non saber o que é o *cabaqueiro*, sendo todas elas castelanfalantes. Os demais refírense á xerga como xerga, idioma, lingua ou dialecto propio dos telleiros que migraban a Castela. Dúas persoas fan fincapé na necesidade de diferenciación dos telleiros fronte aos paisanos dos lugares onde ían traballar.

Das 19 persoas que din coñecer o *cabaqueiro* 10 coñecen fontes que falan do tema. O libro máis coñecido é *Embajadores de los infiernos*. Unha persoa menciona como fonte os pasquís das festas patronais da parroquia da *Joreña* (topónimo *cabaqueiro* para referirse á parroquia da Gándara). Outro participante menciona o boletín de novas do concello do Rosal. Unha persoa di que ten no seu poder un dicionario que fixo durante a súa etapa escolar. Por último, tamén se fai mención dunha persoa como fonte de coñecemento, O Buraco. Este señor é un *cabaqueiro* que fai labor de difusión do oficio como artesán en feiras, exposicións etc.

Todas as persoas coñecen algunha palabra en *cabaqueiro*, mais son nove as que utilizan termos del de maneira habitual. Isto dáse nos seguintes contextos: ámbito coloquial, actividades de lecer, coas amizades, coa familia e en conversas con xente de idade avanzada. Dúas persoas din que o usan no seu posto de traballo: actividades agrícolas e de construción.

Dúas persoas indican que é común que a toda a xente coa que se relacionan de maneira habitual use termos *cabaqueiros* posto que estes están integrados na lingua, e en numerosas ocasións non se sabe que proceden da xerga. Tamén se dá o caso de persoas que afirman que a xente do concello do Rosal ten máis termos *cabaqueiros* na súa fala.

As seguintes palabras foron as aportadas polos participantes. Presentámoslos ordenadas de maior a menor presenza.

*Bureta, cata e buxa* son as máis coñecidas, seguidas de *llota, jarulla, e jalleira*. Outros termos que se nomean nunha ou dúas ocasións son *Morapio, barruntar, xinfo, carrola, buxa, jañarra, xamaraina, lubrián, xido, burel, balocas, murcir, nenza, tisco, churumbela, folleca, zurriolo, ajuzar, crica, joucha e lasquear*.

Cabe dicir que o termo *cata* modificou o seu significado, pasando de referir “persoa estranxeira” a utilizarse como sinónimo de “tipo, fulano ou rapaz”.

- Grupo 2: participantes a partir dos 35 anos de idade.

Este grupo está formado por seis persoas, das cales dúas son castelanfalantes e catro galegofalantes. Cabe dicir que unha delas se define a si mesma como *cata*, querendo dicir que se trata dunha persoa de xénero masculino. Todas elas saben o que significa *cabaqueiro* e defíneo como xerga, linguaxe ou idioma propio dos telleiros que ían a Castela. Unha persoa tamén define *cabaqueiro* como a persoa que traballa na telleira.

Canto ao coñecemento de fontes, só tres persoas din coñecer libros sobre o *cabaqueiro*. Unha persoa fala de *Embajadores de los infiernos*, e outra do libro de Feliciano Trigo Díaz, referíndose a el como “o libro do crego”, sen nomear título nin autor. Este mesmo participante tamén fala do telleiro Buraco.

Todos os participantes deste grupo coñecen algunha palabra en *cabaqueiro*, sendo catro as que afirman que usan termos del de maneira habitual e nos seguintes contextos: familiar e de lecer. Unha vez máis, un participante indica que cando está con xente procedente do concello do Rosal escoita máis termos en *cabaqueiro*.

O termo *cata* foi aportado por todos os participantes. *Xido* e *da noca* aparecen nas respostas de dous deles. A seguinte lista recolle as palabras aportadas unicamente por un participante: *daorde, calloa, lubrián, jalleira, burel, llota, zarabeto, calcuió, pariñar, enterbar e boreta*.

- O Rosal

- Grupo 1: Persoas de 20 a 35 anos.

Este grupo está formado por dez persoas, das cales oito son galegofalantes e dúas castelanfalantes. Todas as integrantes deste grupo din coñecer o que é o *cabaqueiro* de defíneno como xerga, lingua ou idioma propio dos *cabaqueiros*.

Catro participantes din coñecer fontes que tratan esta temática. Dous deles non se acordan do título mais indican que teñen exemplares na súa posesión. Unha persoa fai referencia ao libro *Jergas de Galicia* e outra ao libro *Embajadores de los infiernos*.

Todas as participantes coñecen termos en *cabaqueiro*, e son dúas as que afirman non usar palabras do *cabaqueiro* habitualmente. Canto ao contexto de uso, cabe destacar que as oito persoas que din utilizar termos *cabaqueiros* de maneira habitual indican que o contexto onde máis o falan é o contexto familiar. Outros contextos son o do tempo de lecer e o do trato coas amizades.

O termo *cata* é nomeado por todas as persoas pertencentes a este grupo. Outros que son nomeados en varias ocasións son *boreta*, *llota*, *calloa* e *jañarra*. Os seguintes termos son nomeados unicamente nunha ocasión: *morapio*, *tisco*, *batín*, *da noca*, *jalleira*, *chamborra*, *chabello*, *xida*, *joreña* e *xinoque*.

- Grupo 2: participantes a partir dos 35 anos de idade.

Este grupo está formado por dez participantes, dos que só un é castelanfalante. Todas as persoas teñen coñecemento do significado de *cabaqueiro* e defíneno como idioma, lingua ou xerga dos *cabaqueiros* ou como oficio. Dúas delas deron unha definición que ómpre transmitir de maneira íntegra, posto que usaron termos propios do *cabaqueiro*:

É un verbo (lenguaxe) que inventaron os homes do Rosal (cabaqueiros, porque facían cabacas = tellas), para que os buxas = xefes non os entenderan alá por terras de Castela.

Pode referirse á persoa que facía as cabacas (tellas) na cabaqueira (telleira) ou o dialecto ou idioma que estes inventaron para que o jefe (O Buxa) ou homes e mulleres (Catas ou Calloas) non se entenderan o que decían.

Este feito indica que estes dous participantes senten orgullo da utilización do verbo, polo que queren plasmar o seu coñecemento.

Canto ao coñecemento de fontes, soamente unha persoa coñece estudos sobre o tema. Este participante fai referencia aos libros *Embajadores de los infiernos* e *Jergas de Galicia*.

Todas as persoas integrantes do grupo din utilizar o *cabaqueiro* de maneira habitual en contexto familiar e de lecer. Unha delas di que utiliza termos en *cabaqueiro* coa xente do Rosal, A Guarda, Oia e Tomiño. Esta explicación indica que para algunhas persoas o *cabaqueiro* é algo propio da comarca, e se debe utilizar entre os veciños da mesma.

Os termos máis utilizados polos falantes son *boreta*, *baloca*, *llota*, *jañarra*, *morapio*, *buxa* e *jalleira*. Os termos que unicamente se nomean nunha ocasión son *ajouchar*, *nenza*, *lubrián*, *intervar*, *pariñar*, *ciba*, *joucha*, *lasquear*, *melco*, *burel* e *esjarabellar*.

- Oia

Este grupo conta con tres participantes, todos eles galegofalantes. Todos coñecen o *cabaqueiro* e defínenlo como lingua ou xerga propia dos *cabaqueiros*.

Soamente un deles di coñecer un libro sobre o tema: *Embajadores de los Infiernos*. Todos usan algúns termos do *cabaqueiro* de maneira habitual. Unha persoa indicou que soamente o utiliza coa xente de avanzada idade. As outras dúas indican que usan o *cabaqueiro* con amizades e no posto de traballo. Ambas son forestais e traballan no concello do Rosal.

Os termos que se atopan nos tres cuestionarios son *jalleira*, *boreta*, *murcir* e *cata*. Os seguintes termos unicamente se atopan nunha ocasión: *lurio*, *lasquear*, *buxa*, *atouvanetra*, *calloa*, *calleo*, *melco*, *iota*, *burel*, *cirriolos*, *carron*, *nenzas*, *xinfos*, *jalleira*, *quimba*, *salgueiro*, *lamber a veiza*, *plantar a figueira*, *murcideira*, *tisco*, *melo*, *a ñapa*, *da noca*.

- Tomiño

Este grupo conta con cinco participantes, dos cales todos son galegofalantes. Todos din saber o que é o *cabaqueiro*, mais as súas definicións non son tan homoxéneas como nos grupos anteriores. Dúas

persoas din que é a linguaxe da telleira. Outra defínea como a lingua propia dos rosaleiros. Dúas delas non falan da xerga, mais si do oficio.

Soamente unha di coñecer unha fonte para o estudo do *cabaqueiro*: o libro *Embajadores de los infiernos*.

Todos os participantes deste grupo din que non utilizan o *cabaqueiro* de maneira habitual, mais si que coñecen palabras. Nalgúns contextos, con xente do Rosal ou da Guarda, si escoitan algunhas palabras que asocian coa xerga. Estes termos son *cata*, *buxa*, *jarulla* e *boreta*.

#### **6.4. Resultados**

Unicamente tres persoas din non coñecer o significado de *cabaqueiro*, o que mostra que a xerga é coñecida pola maioría da poboación do Baixo Miño. O feito de que tanto a xente máis nova como a de idade máis avanzada coñeza termos e use algúns deles no seu día a día indica que o uso da xerga non é propio só da xente máis vella.

A lingua oral utilizada no Baixo Miño, concretamente nos concellos da Guarda e do Rosal, está impregnada de termos en *cabaqueiro* que se foron transmitindo de xeración en xeración. A información debida a dous participantes da Guarda, que afirman que case todo o mundo que coñecen utiliza algún termo de maneira espontánea e que en ocasións non saben que este pertence á xerga, indica que algúns dos seus termos están xa inseridos no léxico común da zona.

Canto ás fontes, a máis citada foi o libro *Embajadores de los Infiernos*. Isto pode deberse a que o autor é coñecido en toda a comarca, xa que participa activamente de festas populares e eventos culturais. O feito de que o libro sexa autobiográfico e estea escrito a modo de narración fai que sexa máis atractivo.

O lugar onde se fala máis *cabaqueiro* é o concello do Rosal. Resulta curioso como algúns participantes doutros concellos indicaban que cando máis *cabaqueiro* escoitan é cando están con xente do Rosal. Os contextos onde se utiliza máis o *cabaqueiro* son os coloquiais e privados: o trato coa familia e coas amizades.

A palabra máis usada e coñecida é o termo *cata*, referido a “fulano, tipo, rapaz”. Outras palabras que teñen moita presenza son *boreta* “auga”, *lloa* “chourizo”, *jarulla* “fame”, *jalleira* “aldea”, *xido* “bo, bonito”, *calloa* “muller”, *baloca* “pataca”, *morapio* “viño”, *jañarra* “augardente” e *murcir* “comer”.

Con estes datos conclúese que na actualidade o *cabaqueiro* segue presente no día a día dos habitantes do Baixo Miño. Non como un idioma complexo con gramática propia, senón como un conxunto de residuos léxicos que afloran tanto no galego coma no castelán da zona. A identidade dos *cabaqueiros* segue sendo coñecida así como a responsable creación da xerga.

## 7. CONCLUSIÓN

A xerga dos *cabaqueiros* é unha parte fundamental da antropoloxía, historia e cultura do Baixo Miño.

O verbo non só se falaba na telleira, senón que traspasaba fronteiras falándose nas vilas e aldeas e chegando aos xornais en forma de *folleca*. O feito de contar con publicacións en *cabaqueiro* ao longo de máis de catro décadas indica a forte presenza desta identidade.

O nacemento da xerga non é unha cuestión illada; vemos como o *cabaqueiro* ten características comúns con outras xergas. Esta xerga no seu inicio non foi un sistema de comunicación sinxelo, senón que se tratou dun sistema complexo como se ve na análise lingüística realizada. Nesta análise tamén observamos que os procesos lingüísticos que participaron nesta formación teñen como modelo base a lingua galega.

En canto á actualidade, os datos mostran que a poboación do Baixo Miño ten coñecemento sobre a identidade dos *cabaqueiros* e a existencia da xerga. A presenza do verbo deixase ver nos residuos léxicos pertencentes ao *cabaqueiro* que se atopan tanto no castelán coma no galego das veciñas da comarca.

## 8. BIBLIOGRAFÍA

- Aballe Martínez, Carlota (2013): *Telleiras de Pontevedra, patrimonio veráculo industrial en Galicia*. (Traballo de fin de mestrado). Escola Superior Gallaecia. Vilanova de Cerveira.
- Alonso Álvarez, Luís (2010): “La economía de Galicia, una panorámica, C. 1750 – 2010.” *Historia Contemporánea* 42, 15-65.
- Álvarez Álvarez, Domingo (1965): *Jergas de Galicia*. Pontevedra: Talleres Tipográficos E. Paredes Valdés.
- Campos Álvarez, Jose Ramón (1994): “La emigración gallega a América (1880 – 1930) integración y retorno”, *Miniús* 2, 133-145.
- Costa Clavell, Xavier (1980): *Bandolerismo. Romerías y jergas gallegas*. A Coruña: Editorial La Voz de Galicia, S. A.
- García Lombardero, Jaime (1984): "La Economía de Galicia en los siglos XIX y XX", *Papeles de Economía Española* 20, 319–332.
- Gómez Alfaro, X. Carlos / Martínez Tamuxe, Xoán (1988): *Antología del Programa-Revista de las fiestas del monte. LXXV aniversario*. A Guarda: Comisión de fiestas del Monte Santa Tecla.
- González Martínez, Praxíteles (2002): *Embajadores de los infiernos. Historia y Lenguaje de los Cabaqueiros*. O Rosal: Gráficas Prelo.
- G. O. Feliciano (1997): “Carta o orgina da delesa. Festas do monte 1997”, *Festas do Monte de Santa Tegra 1997*.
- Ladra, Lois (2006): “As telleiras tradicionais. O exemplo aresán.”, *Cátedra. Revista eumesa de estudos* 14, 343-376.
- Martínez Tamuxe, Xoán (1988): *Memoria del homenaje del monumento cabaqueiro, I*. O Rosal.

Martínez Tamuxe, Xoán (1989): *Memoria de la I festa do cabaqueiro, 1*. O Rosal.

Martínez Tamuxe, Xoán. (1992): *Memoria de la IV festa do cabaqueiro, 4*. O Rosal.

Noya Gil, Juan (1976): *Fuxidos, Memorias de un republicano gallego perseguido por el franquismo*. Caracas: Casuz Editores.

Rodrigues Gomes, Jorge (2004): *Estudo comparativo da formaçom de gírias gremais galegas e castelhanas* 2 vols. (Tese de doutoramento). Universidade de Vigo.

Trigo Díaz, Feliciano (2001): *Zanqueando cos cabaqueiros*. Pontevedra: Servicio de Publicacións Excm. Deputación de Pontevedra.

#### CONSULTAS NA REDE

Fernández Palicio, Alejandro (2011): “As telleiras de Valga e comarca e as fábricas de cerámica. (1850 – 1965).” <<https://archive.org/details/MaquetaValga>> [26/05/2019].

Martínez Tamuxe, Xoán. (2016): “In memoriam finou o crego D. Feliciano Trigo Díaz” <<http://xoanmartineztamuxe.blogspot.com/2016/10/in-memorian-finou-o-crego-d-feliciano.html>> [01/05/2019]

Martínez Tamuxe, Xoán. (2016): “Biografía de Xoan Martínez Tamuxe” <<http://xoanmartineztamuxe.blogspot.com/2011/11/biografia-de-xoan-martinez-tamuxe.html>> [25/05/2019]

Torres, Mónica. (2013): “Praxiteles González Martínez: «La penicilina llegó por el Miño», *La Voz de Galicia* <[https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/firmas/2013/05/10/penicilina-llego-mino/0003\\_201305G10P60993.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/firmas/2013/05/10/penicilina-llego-mino/0003_201305G10P60993.htm)> [01/05/2019]

## ANEXO 1. Clasificación semántica de substantivos, adxectivos, verbos e adverbios

### a) Verbos

- Verbos que designan accións non relacionadas co oficio:

- *Abancar*: marchar.
- *Abartolar*: abrir.
- *Abismar*: observar.
- *Abufar*: soprar.
- *Acabullir*: rematar.
- *Acaideirarse*: sentarse.
- *Acalmar*: loitar.
- *Acazamar*: convencer.
- *Achanzar*: aceptar.
- *Achar*: darse conta.
- *Achouzar*: agradar, deixar.
- *Acistrar*: dar.
- *Acouger*: atender.
- *Acoujar*: facer caso, crer, devolver, recuperar.
- *Acozar*: cotexar.
- *Adepuñar*: contradicir.
- *Afiar*: indicar.
- *Afuñar*: acercar, acabar, concluír.
- *Afuscar*: apagar.
- *Ajouchar*: coller, estreitar, agarrar, quedar.
- *Ajouzar*: prestar.
- *Ajuzar*: ver.
- *Alfutracar*: gardar.
- *Alixir*: desobedecer.
- *Alocar*: colocar, meter.
- *Alomar*: esgotar.
- *Angarillar*: arranxar.
- *Aniscas*: escapar.

- *Anublar*: quitar.
- *Anubrar*: derribar.
- *Apatular*: asentar.
- *Apetrellar*: cargar.
- *Apochar*: acomodar.
- *Apoutar*: asentar.
- *Amoñicar*: amolar.
- *Arranxar*: poder.
- *Arranxumar*: conformar.
- *Arrebolar*: regalar, dar.
- *Arrufar*: cocinar.
- *Atisbar*: mirar.
- *Atoupar*: ignorar.
- *Atriscar*: mirar con disimulo.
- *Axidar*: asear, limpar.
- *Axidar o pesque*: estudar.
- *Axiduar*: preparar.
- *Axumar*: chamar.
- *Axumbrar*: comprar.
- *Axungar*: acoller, acaparar, coller, atar, axudar, apoiar.
- *Axungar o jaldruado*: obedecer.
- *Azoujar*: faltar, quedar.
- *Azoutar*: tirar.
- *Azuchar*: aniñar.
- *Azular*: correr.
- *Azurrar*: colocar.
- *Baduar*: conversar.
- *Bajullar*: chorar.
- *Baltrear*: iluminar.
- *Belbear*: cabalgar.
- *Bodecar*: martelar.
- *Botijar*: parir.
- *Bureteirar*: chover.
- *Buxear*: ensinar.

- *Caldar*: botarlle leña o lume.
- *Catinga*: oler.
- *Chamborrear*: fumar.
- *Chouber*: construír.
- *Choupar*: tirar.
- *Embarrear*: fechar.
- *Ecicar*: ensuciar.
- *Encalmar*: facer calor.
- *Enfoscar*: meter.
- *Enjatillar*: pescar.
- *Enlordar*: manchar.
- *Erbochar*: rir.
- *Escorar*: resistir.
- *Esjaretear*: escribir.
- *Esnocar*: romper.
- *Espatifar*: romper.
- *Faer a rola*: vaguear.
- *Gipar*: ver.
- *Jaitear*: chorar.
- *Jaldruxar*: lavar.
- *Jalruar*: falar.
- *Lasquear*: traballar.
- *Lavixar*: roubar.
- *Pariñar*: estar, parar, empezar, ter, ser.
- *Plantillar*: correr.
- *Jandir*: comer.
- *Lamber a beiza*: non facer caso a algo ou alguén.
- *Lamboreirar*: azoutar.
- *Minar*: durmir.
- *Moujear*: beber.
- *Murcir*: comer.
- *Rabonear*: sachar.
- *Taxicar*: fabricar.
- *Toupar*: morrer.

- *Uñar*: agarrar.
  - *Xajoar*: limpar.
  - *Xulicar*: calar.
  - *Zambrear*: bailar.
  - *Zurrar no calcoiño*: blasfemar.
- Verbos que designan accións relacionadas co oficio:
- *Axungar cabacas*: retellar.
  - *Bruñir*: bañar as tellas con auga.
  - *Cortar*: fabricar.
  - *Emboquillar*: colocar as tellas no forno.
  - *Embrazar*: empacar as tellas en paquetes de dez pezas.
  - *Encachar*: introducir anacos de tellas cruzadas en forma de cuña nos lugares onde o material non está o suficientemente apertado.
  - *Encanar*: cargar o forno con tellas e ladrillos.
  - *Enjambetar*: separar os ladrillos para favorecer o secado.
  - *Jambetar*: entrecruzar ladrillos no forno.
  - *Repurjar*: colocar o material ao longo da parede do forno para favorecer o tiro.
  - *Sobar*: amasar o barro cos pes.

b) Adxectivos:

- Adxectivos descritivos para obxectos:
- *Acicutado*: sucio.
  - *Afiñada*: murcha.
  - *Afunchada*: colgada.
  - *Afuñado*: acabado.
  - *Ajoucheado*: abarcado.
  - *Ajouzeado*: prestado.
  - *Alocado*: colocado.
  - *Anocallado*: averiado.
  - *Avicancano*: deforme.
  - *Azurrado*: colocado.
  - *Azurrujado*: doce.

- *Baltreado*: iluminado.
  - *Baralleiro*: barato.
  - *Bureteado*: aguado.
  - *Enchancas*: embarazada.
  - *Esnocallado*: roto.
  - *Facotexo*: podre.
  - *Ghiche*: pequeno.
  - *Juaciña*: moza guapa.
  - *Lampadoira*: torpe.
  - *Ñurrio*: malo.
  - *Pizarrilla*: defectuoso.
  - *Xido*: bonito.
- Adxectivos descritivos para persoas:
- *Afaiñado*: afeitado, limpo.
  - *Afarrucado*: atrevido.
  - *Afiñamento*: vestido.
  - *Ajouchado*: abrazado, acollido.
  - *Alroteiro*: pícaro.
  - *Amuxicado*: só.
  - *Acalmador*: loitador.
  - *Acirrando*: atrevido.
  - *Anublado*: escondido.
  - *Apetrellado*: cargado.
  - *Axidado*: aseado.
  - *Axoutado*: limpo.
  - *Azoutado*: atrevido.
  - *Azuchado*: aniñado.
  - *Baduador*: falador.
  - *Baleiro*: só.
  - *Choube*: consciente.
  - *Embarrillada*: embarazada.
  - *Enterba*: sabedor.
  - *Mouquejas*: xordo.

- *Na caldacerrada*: durmido profundamente.

c) Substantivos:

- Animais.
  - *Aerón*: boi.
  - *Aerón jiche*: xato.
  - *Areona*: vaca.
  - *Azouta buxaina*: rabo.
  - *Berra*: Ovella.
  - *Belbo / Belba*: cabalo / egua.
  - *Batíns*: gatos.
  - *Caruxo / caruxa*: galo / galiña.
  - *Cico*: porco.
  - *Ciljas*: pulgas.
  - *Chirivitos*: cornos.
  - *Jorellos*: piollos.
  - *Xino*: Burro
  - *Rabete*: coello.
  - *Giñeira*: vaca.
  - *Giñeiro*: touro.
  - *Tisca das cacaruxas*: raposa.
  - *Tisco*: can.
  - *Virria*: ovella.
  - *Xecla*: egua.
- Alimento:
  - *Acedella*: cebola.
  - *Añarolo*: marisco.
  - *Arruan*: arroz.
  - *Arrufado*: asado, cocido.
  - *Balocas*: patacas.
  - *Barrela*: chocolate.
  - *Bermella*: cereixa.

- *Bermella dortella*: sandía.
  - *Bicolas*: hortalizas.
  - *Boiante*: aceite.
  - *Bruizo*: pan de millo.
  - *Burel*: touciño.
  - *Ceja*: sardiña.
  - *Choco*: caldo.
  - *Dajancha*: sal.
  - *Darxena*: leite.
  - *Errantes*: pimentón.
  - *Jarulla*: fame.
  - *Jazuza*: fame.
  - *Jito*: pan.
  - *Jabrieles*: garavanzos ou chícharos.
  - *Laceira*: fame.
  - *Llota*: chourizo.
  - *Marballas*: verzas.
  - *Mirlas*: cereixas.
  - *Murcideira*: alimento.
  - *Odajancha*: sal.
  - *Raño*: bacalao.
  - *Rascaño*: pan duro.
  - *Silja*: carne.
  - *Xamarro*: ovo.
  - *Zafurro*: alimento para os animais.
  - *Zarabetos*: fabas.
- **Armas:**
    - *Atufanta*: escopeta.
    - *Atufante*: revólver.
    - *Atufantiña*: pistola.
    - *Canafaruda*: escopeta.
    - *Entradoira*: revólver.
    - *Jarruxa*: escopeta.

- Barro:
  - *Cajallas*: barro.
  - *Cascarrias*: partículas de barro que o salpicar quedan pegadas a pel.
  - *Jaldrilla*: barro moi brando.
  - *Mudada*: montón de barro.
  - *Pañón*: porción de barro que o oficial colle nas mans para moldear.
  - *Paellazo*: porción de barro que lle queda o oficial na man cando finaliza unha peza.
  - *Samigelas*: restos de barro que quedan espaxados pola eira.
  - *Xunca*: barro.
  
- Bebidas alcohólicas.
  - *Borra*: viño.
  - *Breol*: viño.
  - *Buxanquente*: augardente.
  - *Corexo*: xerra de viño.
  - *Chanqueiro*: xerra de viño.
  - *Chapeira*: viño de mala calidade.
  - *Faxurda*: borracheira.
  - *Borreador*: borracho.
  - *Caixadajuas*: borracho.
  - *Jañarra*: augardente.
  - *Lacre*: viño.
  - *Lascardia*: borracheira.
  - *Morapio*: viño.
  - *Mouja*: viño.
  - *Pirica*: borracheira.
  - *Xiropa*: viño de mala calidade.
  - *Lurpia*: borracheira.
  
- Campo meteorolóxico.
  - *Baltra do Caicoiño*: lóstrego.
  - *Bufolo*: vento.
  - *Jarriro*: calor.

- *Melco*: calor.
- *Zaficardo*: frío.
  
- Categorias laborais.
  - *Budia*: peón de albanel.
  - *Cachizas*: Aprendiz.
  - *Oficial*: persoa que moldea as tellas e ladrillos.
  - *Tendedor*: persoa que moldea as tellas.
  - Xefe:
    - *Argina*.
    - *Bicho*.
    - *Buxa*.
  
- Conceptos abstractos:
  - *Baldosa*: mentira.
  - *Beta*: medo.
  - *Borrallo*: nada.
  - *Bucho*: egoísmo.
  - *Cerullo*: medo.
  - *Espelme*: medo.
  - *Fuca*: engano.
  - *Jarola*: mentira.
  - *Larcha*: vergoña.
  - *Mica*: morriña.
  - *Milleira*: mentira.
  - *Na xistra*: incredulidade.
  - *Nexo*: nada.
  - *Xulica*: silencio.
  
- Eclesiástico:
  - *Caiociño*: Deus.
  - *Aqueira*: Virxe.
  - *Aqueira xida*: Virxe María.
  - *Buxo*: cura, parróco.

- *Caicoa*: igrexa.
- *Darjas*: diaño.
- *Louro*: cura.
- *Pulla*: deus.
  
- Elementos naturais:
  - *Bureta*: auga.
  - *Bureteiro*: río.
  - *Bureteiro granxemes*: mar.
  - *Buxan*: auga.
  - *Chamiceiro*: árbore.
  - *Ferrán*: herba.
  - *Lurio*: pedra.
  
- Estacións do ano e partes do día.
  - *Alegoeira*: primavera.
  - *Apoupeiro*: outono.
  - *Arumeiro*: outono.
  - *Fusca*: noite.
  
- Espazos cotiás dunha vila ou aldea:
  - *Ancha*: estrada.
  - *Arruada*: estrada.
  - *Arrueira*: rúa.
  - *Arrueirón*: rueiro.
  - *Axida pifres*: escola.
  - *Baiorta*: taberna.
  - *Baiorta xita*: fonda, hospedaxe.
  - *Balocaria*: tenda de patacas.
  - *Bandallería*: camisería.
  - *Barilucho*: bar.
  - *Bedellería*: alcaldía.
  - *Burateira*: fonte.
  - *Buxanta*: escola.

- *Fura*: taberna.
- Espazos da vivenda ou telleira:
  - *Acobeiza*: cama.
  - *Arrufanta*: cocíña.
  - *Belbería*: corte.
  - *Bolaira*: ventá.
  - *Boloira*: porta.
  - *Boleiro*: portal.
  - *Bureteiro do terris*: pozo.
  - *Cardeño*: chabola.
  - *Catrerá*: cama.
  - *Civa*: vivenda.
  - *Llana*: eira.
  - *Mato*: baño.
  - *Parromeira*: lareira.
- Familia:
  - *Axilfado*: afillado.
  - *Calleo*: marido.
  - *Calloa*: muller.
  - *Cormán*: irmán.
  - *Corxada*: familia.
  - *Costilla*: noivo/noiva.
  - *Chachaia*: nai.
  - *Nenzo / nenza*: noivo, noiva.
  - *Rulo / rula*: pai, nai.
  - *Xinfo*: fillo.
- Ferramenta:
  - *Acalmante*: martelo.
  - *Acha*: molde sobre o que se facía a tella.
  - *Ajulla*: ferramenta para separar o ladrillo do marco.
  - *Anilla*: marco de ferro para facer a tella do país.

- *Bodecante*: martelo.
- *Bodeco*: parafuso.
- *Correa*: banco para traballar destinado ao persoal non cualificado.
- *Jadrilla*: horma para facer as tellas.
- *Malacate*: amasador de barro accionado por un cabalo ou burro.
- *Peine*: bariñas de madeira que se introducen nos buratos do marco para facer os buratos dos ladrillos.
- *Plantilla*: ferramenta para aplastar o barro sobrante dos ladrillos.
- *Rabona*: sachó.
- *Rañolo*: pico.
- *Raseiro*: trozo de madeira usado para planar o barro.
- *Rodo*: utensilio de madeira que usa para planar a eira.
  
- Foráneo:
  - *Batorello*: estranxeiro.
  - *Cata*: home natural do lugar de traballo.
  - *Catoña*: muller natural do lugar de traballo.
  - *Tiján*: paisano.
  - *Xanderrabas*: persoa descoñecida.
  
- Instrumentos musicais:
  - *Churumbela*: gaita.
  
- Obxectos relacionados coa vida cotiá:
  - *Adejudas*: chave.
  - *Ajuzazufas*: espello.
  - *Alambrello*: arame.
  - *Alfutracas*: alforxas.
  - *Alfutración*: saco.
  - *Argallante*: coitelo.
  - *Arquicerna*: maleta.
  - *Arquicerno*: baúl.
  - *Arrumeira*: escoba.
  - *Antevijios*: anteollos.

- *Axida ñares*: pano.
  - *Baleque*: tabaco.
  - *Barreta*: tarteira.
  - *Barrete*: pucheiro.
  - *Bicoque*: ouriñal.
  - *Botifarra*: botella.
  - *Bufeiro*: fol.
  - *Caxato*: coello.
  - *Cricalleira*: sartén.
  - *Davertola*: vasoura.
  - *Facorexa*: navalla.
  - *Faino*: coitelo.
  - *Fostango*: bastón.
  - *Jalero*: sombreiro.
  - *Lampeón*: candil.
  - *Lareiro*: pau.
  - *Moreno*: pote.
  - *Mudo*: libreta.
  - *Pabero*: cesto de mimbres.
  - *Peladeira*: culler.
  - *Xaruto*: cigarro.
- **Oficios:**
    - *Afiañador*: sastre.
    - *Afiñador de lurias*: canteiro.
    - *Andalleiro*: persoa que fai alpargatas.
    - *Agalleiro*: xeseiro.
    - *Arrufador*: cocifeiro.
    - *Arranxumeiro*: feirante.
    - *Arteleiro*: curandeiro.
    - *Artexancio*: artesán.
    - *Axungue lurias*: canteiro.
    - *Baiorteiro*: taberneiro.
    - *Basculladeiro*: caleiro.

- *Bedello*: alcalde.
- *Bureteador*: aguador.
- *Buxa do ourizo*: canteiro.
- *Cabaqueiro*: telleiro.
- *Cuco*: mariñeiro.
- *Chioneiro*: transportista.
- *Esnorzaxidos*: medico.
- *Ferrete*: xornaleiro.
- *Jaiteiro*: garda civil.
- *Marmota*: criada.
- *Rella*: prostituta.
  
- Partes do corpo.
  - *Ajouchante*: brazo.
  - *Ajuzar da nusca*: lunar.
  - *Anatón*: corpo.
  - *Anatón de chavellos*: esqueleto.
  - *Apandeira*: costas.
  - *As do caco*: orellas.
  - *Avanicos*: orellas.
  - *Bisajra*: costas.
  - *Calcos*: pes.
  - *Carrillos*: dentes.
  - *Chavello*: ósos.
  - *Chancholos*: dentes.
  - *Chencha*: cabeza.
  - *Dátiles*: dedos.
  - *Forneira*: boca.
  - *Fuzas*: beizos.
  - *Jorjomillos*: gorxa.
  - *Joucha*: man.
  - *Juardabarros*: orellas.
  - *Meloa*: cabeza.
  - *Mitra*: cabeza.

- *Nareco*: nariz.
- *Sarnizo*: costas.
- *Pachíns*: tescículos.
- *Pasajitos*: gorxa.
- *Remos*: brazos.
- *Viro*: ollo.
- *Vijos*: ollos.
- *Xaranta*: cara.
- Ano:
  - *Borreiro*.
  - *Fosquete*.
  - *Uz*.
  - *Villiz*.
  - *Zaspe*.
- Peitos:
  - *Aboias*.
  - *Altares*.
  - *Badallocas*.
  - *Boias*.
- Pene:
  - *Atibaia*.
  - *Barroi*.
  - *Cilardo*.
  - *Ciplinostre*.
  - *Liras*.
  - *Lurán*.
- Vaxina:
  - *Bacha*.
  - *Berrica*.
  - *Bericha*.
  - *Bixana*.
  - *Crica*.
  - *Netra*.
  - *Xistra*.

- Materiais.
  - *Adubellas*: adobe.
  - *Argallo*: xeso.
  - *Basculla*: cal.
  - *Broulla*: resina.
  - *Ourizo*: pedra.
- Medios de transporte.
  - *Areona fusca*: tren.
  - *Bocanejra*: tren.
  - *Chion*: carro.
- Roupa e calzado:
  - *Afiañado*: traxe.
  - *Alpardellas*: alpargatas.
  - *Andallas*: alpargatas.
  - *Andallería*: alpargatarería.
  - *Bandalla*: camisa.
  - *Brajesto*: pantalón.
  - *Cirriolos*: pantalón.
  - *Taroucas*: zocas.
  - *Viturinas*: zocas.
  - *Xambras*: roupa interior.
- Tella. Partes e forma:
  - *Abicáncano*: tella deforme.
  - *Asedas*: fisuras no barro cocido.
  - *Barecas*: fileira de tellas.
  - *Barilla*: canto das tellas.
  - *Boca ancha*: parte da tella.
  - *Cabaca*: tella.
  - *Candiles*: tellas tortas.
  - *Carrón*: fileira de tellas.
  - *Cojulo*: sobrecarga de tella.

- *Daja*: cada unha das capas de tella que se usa para cargar unha fornada.
- *Informes*: cada unha das mans que se pasan pola tella ao tendelas.
- *Jabilán*: esquina da tella.
- *Pizocho*: tella mal cocida.
- *Toupo*: ladrillo.
  
- Topónimos e xentilicios:
  - *Biqueque*: portugués.
  - *Brasueiro*: Brasil.
  - *Mazarico*: portugués.
  
- Textos:
  - *Follaco*: xornal.
  - *Folleca*: carta.

#### d) Adverbios:

- *Andion*: moito.
- *Ghicheira*: pouco.
- *Acatis*: aquí.
- *Acullá*: alá.
- *Adepois*: despois, a continuación.
- *Allatis*: alá.
- *Allives*: alí.
- *Aquives*: aquí.
- *Subaixo*: abaixo.
- *Surriba*: arriba.
- *Ajives*: así.
- *A zanco de tisco*: canteiros.
- *A ton*: ó mesmo tempo.

#### e) Substantivos e verbos:

- Cuestións escatolóxicas.

- *Baleardo*: defecación.
- *Canalear*: orinar.
- *Ciscar*: cagar.
  
- **Diñeiro:**
  - *Aceifar*: ganar diñeiro.
  - *Acouge*: alugueiro.
  - *Adeifar*: deber.
  - *Ajouzar lerxes*: prestar diñeiro.
  - *Anciñar*: gañar cartos.
  - *Apoupado*: aforrado.
  - *Apoupar*: aforrar.
  - *Arraiar o casqueiro*: non pagar.
  - *Arrañador*: persoa con moito diñeiro.
  - *Arrañar*: ganar diñeiro.
  - *Axumir*: pedir, deber diñeiro.
  - *Azogar*: cobrar.
  - *Chaqueta*: ter débedas.
  - *Chaspear*: pagar.
  - *Lerxáns*: moeda.
  - *Lerxes*: diñeiro.
  - *Plantar un salgueiro*: non pagar.
  - *Queima*: pagar.
  - *Zamarra*: momento no cal o *buxa* perde o diñeiro da tempada.
  - *Zarpos*: diñeiro.
  - *Zurica*: peseta.
  - *Zurico*: billete de cinco pesetas.
  
- **Emocións e afecto:**
  - *Acouzar*: acercar, acoller, agradar, querer.
  - *Acouce*: reconciliación, alegría, afecto, estima, cariño.
  - *Acouce*: afecto, alegría, estima.
  - *Almeé*: respecto.
  - *Almear*: respetar.

- *Amenxido*: estimado.
- *Daorde*: amigo, compañeiro.
  
- Forno:
  - *Boleiro*: forno.
  - *Darbaixa*: Momento no que o forno está máis quente.
  - *Desencanar*: Descargar o forno.
  - Partes do forno:
    - *Arcoleira*.
    - *Arquetes*.
    - *Buolos*: tiros.
    - *Cribo*: ladrillo do forno.
    - *Chamborra*: cheminea.
    - *Porteiro*: porta do forno.
    - *Potro*: muro central que divide en dous o forno.
  
- Morte:
  - *Afuñar na bureta*: afogar.
  - *Afuñar no terris*: enterrar.
  - *Arcoleira*: ataúde.
  - *Ara fusca*: ataúde.
  - *Arqueira*: ataúde.
  - *Calabrote*: morto, cadáver.
  - *Esnorzado*: morto.
  - *Giñar*: morrer.
  - *Toupar*: morrer.
  
- Sexo:
  - *Aferroar*: manter relacións sexuais.
  - *Acicaldar*: manter relacións sexuais.
  - *Catalinas*: enfermidade de transmisión sexual.
  - *Mazapio*: semen.
  - *Quillouza*: relacións sexuais extramatrimoniais.
  - *Tareco*: manter relacións sexuais.

- *Tavicar*: manter relacións sexuais.
- **Violencia:**
  - *Acurcuñar*: ameazar.
  - *Acazoar*: obrigar.
  - *Afaiñar*: acoitelar.
  - *Aferrar*: incitar.
  - *Agear*: roubar.
  - *Alomeón*: maltrato.
  - *Alomear*: maltratar, castigar, quemar.
  - *Alumbrar*: arrear, castigar.
  - *Alumbrado*: golpeado.
  - *Alumbrante*: agresor.
  - *Alumbrar*: apalear.
  - *Aldrabar*: escapar.
  - *Alisir*: marchar, escapar.
  - *Anicar*: matar.
  - *Anocallar*: matar.
  - *Apuchar*: acusar, gritar.
  - *Arrebouzar*: empuxar.
  - *Atufar*: agredir.
  - *Lapear*: roubar.
  - *Pasa o muro*: ameaza.
  - *Tafona*: paliza.
  - *Taina*: patada.

f) Substantivos e adxectivos:

- **Insultos:**
  - *Abafullado*: pesado.
  - *Acaollado*: afeminado.
  - *Ajuzador*: mirón.
  - *Ogiote*: ladrón.
  - *Aldonza*: tonto.

- *Alorado*: débil.
- *Amolonado*: atontado.
- *Ansiloso*: envidioso.
- *Aferlado*: amargado.
- *Atoupado*: ignorante.
- *Caiporas*: persoa débil.
- *Ciscarola*: persoa de pouco valor.
- *Champa na beldra*: tonto.
- *Danoca*: feo.
- *Langosta*: preguiceiro.
- *Laña*: mala persoa.
- *Larapio*: ladrón.
- *Lavañeira*: preguiceiro.
- *Lavixa*: ladrón.
- *Lerpeiro*: aproveitado.
- *Lubrián*: tonto.
- *Lubrián da jalleira*: tonto da aldea.
- *Marmaxo*: tonto.
- *Morral*: terco.
- *Moujear*: tonto.
- *Peliqueiro*: esfarrapado.
- *Toutizo*: sucio.
- *Urdilla*: despistad
- *Pirrio*: feo.
- *Virrio*: feo.
- *Xinfo de carrula*: bastardo.
- *Xinfo de rella*: fillo de puta.
- *Xira*: tolo.

g) Expresións:

- *Acouces*: grazas.
- *Aden*: como, cal.
- *Baidó*: ben, si, está ben, igual.
- *Alixé*: ¡corre!

- *A trisca*: ¡Atención!
- *A tupa*: con todo.
- *Baidó*: está ben.
- *Baijona*: está ben.
- *Bouta*: ganas de algo.
- *Gichería*: ogallá.